

ACTA

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

28 de marzo de 2025

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas do día vinte e oito de marzo de dous mil vinte e cinco, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D^a. María Sandra Bastos Míguez (PP), D^a. Belén Cachafeiro Anta (PP), D^a. María Nava Castro Domínguez (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D. Paco Ferreira González (PSdeG-PSOE), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D^a. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D^a. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D. Ricardo Martínez Chantada (PP), D^a. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D^a. María Ortega Iñarrea (BNG), D^a. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D^a. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D^a. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D^a. Luisa María Sánchez Méndez (PP), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

As intervencións desta sesión quedarán recollidas no Diario de sesións (Vídeo actas), de acordo co disposto no artigo 29 do Regulamento Orgánico desta Deputación.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:



1.8371.- ACTA ANTERIOR

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/1PGOpIKvdB84i0FPX2KHKB16JRfd8HlcroCa1UJRn3BfsOVt>

Acórdase, por unanimidade, aprobar os borradores das actas das anteriores sesións, ordinaria de 28 de febreiro e extraordinaria de 7 de marzo.

a) Parte resolutiva:**2.8372.- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 2/2025 (EXPTES. 2025015233-2025006253)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/C6Hk3HeV4OXMBka9FXYbplPzRSZYipHi9Iiw8DJa2h9RjGd5>

O Deputado delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio, Formación e Emerxencias en virtude das delegacións acordadas na Resolución Presidencial nº 2025000361, de data 20 de xaneiro de 2025, propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 02/2024. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.02/25) por importe de 2.443.370,61 euros, suplementos de créditos (SUP.01/25) por importe de 2.966.308,87 euros e a modificación do Anexo II das bases de execución.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose:

- Crédito extraordinario (EXT. 02/25), fináncianse o importe correspondente ao contrato (SmartPeme), que se recolle na aplicación 25/926-4331-227.06 con baixas por anulación da aplicación 25/926-9260-227.06 para reflexar na contabilidade de xeito máis adecuado a finalidade do gasto e o resto con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.



- Os suplementos de créditos (SUP. 01/25), fináncianse con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais, tal como se sinala no detalle do expediente.

Resultando que a Intervención emite informe de data 18 de marzo de 2025, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2, 3, 11, 27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 02/2025.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor do PP e coas abstencións do PSdeG-PSOE e do BNG:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 02/2025 da Deputación de Pontevedra. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.02/25) por importe de 2.443.370,61 euros e suplementos de créditos (SUP.01/25) por importe de 2.966.308,87 euros. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

1. Créditos Extraordinarios “EXT. 02/25”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
240-2410-423,90	A ORGANISMOS PÚBLICOS, CÁMARAS DE COMERCIO_FOMENTO DE EMPREGO (Subv. Nominativa a Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía, "IV Foro C.C. do Arco Atlántico")	25.000,00 €
240-2410-479,01	A EMPRESAS_FOMENTO DE EMPREGO (Subv. nominativa a EVENTOS LIJO & DMARIA SL, Salón	5.000,00 €



APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	Internacional da Industria Acuícola: Aquafuture Spain)	
240-2410-489.06	A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, EMPRENDEMENTO_FOMENTO DE EMPREGO (subv. nominativa a: Asociación para o Emprendemento e a Innovación: Pont-Up Store 2025)	15.000,00 €
332-3322-227.90	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESAS, SERVICIOS ELECTRÓNICOS_PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO (Mantementos programas ATOM e KOHA)	18.150,00 €
333-3341-453,94	A UNIVERSIDADES _MUSEO (Convenio UVIGO para creación nova aplicación para a análise do impacto económico da Bienal)	35.000,00 €
457-3370-632.02	MELLORA DE EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓN, A LANZADA _ARQUITECTURA (Acondicionamento "Centro Vacacional a Lanzada")	150.000,00 €
457-4500-632.03	MELLORA DE EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓN _ARQUITECTURA (Aparcamiento ORAL: 150.000€; S. antiácidas cubertas Sede Vigo: 18.000€; actuacións Pazo: 75.000€; actuacións Edificio Admin.: 50.000€; actuacións Sede Vigo: 30.000€;	323.000,00 €
926-4331-227.06	TRABALLOS R. POR OUTRAS EMPRESAS, (SMARTPEME)_NNTT,	1.121.196,35 €
942-1350-789.10	ACHEGAS PARA INVESTIMENTOS A AGRUPACIÓNS DE PROTECCIÓN CIVIL_COOPERACIÓN	100.000,00 €
942-9420-762.75	A CONCELLOS, PROGRAMA REACPON _COOPERACIÓN REACPON_00794 _PORRIÑO "Humanización da Prolongación Antonio Palacios", Sentenza núm. 00059/2023 de data 10/03/2023, a Sección 3ª da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia)	645.024,26 €
942-9431-789.02	ACHEGAS PARA INVESTIMENTOS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO_COOPERACIÓN (Subv. nominativa Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais "Piueiro)	6.000,00 €
	Total Créditos Extraordinarios...	2.443.370,61 €

Financiamento do expediente de Créditos Extraordinarios, EXT. 02/25:



A) O importe correspondente ao contrato (SmartPeme), que se recolle na aplicación 25/926-4331-227.06 por importe de 1.121.196,35 €, fináncianse con baixas por anulación con cargo a 25/926-9260-227.06, modificándose para reflexar na contabilidade de xeito máis adecuado á finalidade do gasto (clasificación funcional “4331 desenvolto empresarial”), trátase unicamente dunha reclasificación contable.

Contabilizándose as seguintes operacións:

BAIXAS POR ANULACIÓN:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
926.9260.227.06	TRABALLOS R. POR OUTRAS EMPRESAS, ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS_NNTI, (SmartPeme)	-1.121.196,35 €
	Total Baixas por Anulacións...	-1.121.196,35 €

B) O resto dos Créditos Extraordinarios fináncianse con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Non obstante, hai que sinalar que no caso de ter que aplicar a Disposición Adicional 6ª referente ás inversións sostibles estarase ao disposto no artigo 32 da Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira onde se establece que “no suposto de que a liquidación orzamentaria se sitúe en superávit, este destinarase, no caso das corporacións locais, a reducir o nivel de endebedamento neto”.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870,01	<i>Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Créditos Extraordinarios...</i>	1.322.174,26 €
	Total Ingresos...	1.322.174,26 €

2. Suplementos de Crédito “SUP. 01/25”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
------------	--------------	---------



APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
231-2313-480,02	A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL_ BENESTAR SOCIAL (Subv. Nominativa á Fundación Provincial Banco de Alimentos "G36899375")	10.000,00 €
232-2312-632,03	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS - MELLORAS _ C.P. FELIPE (Reforma, adecuación C. Transformación, cadro xeral baixa tensión e grupo electróxico CPF)	118.797,20 €
232-3420-632,03	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS - MELLORAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS _ C.P. FELIPE (Reforma Pavillón CPF)	50.000,00 €
233-2310-227.07	PROX. E PROGRAMAS DE RETO DEMOGRÁFICO E XUVENTUDE (Actividades do servizo)	23.756,72 €
240-2410-453,94	A UNIVERSIDADES, CONVENIOS _FOMENTO DE EMPREGO (CONV. UVIGO, Axudas a sociedades emprendedoras)	20.000,00 €
330-3260-489,03	A INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO, UNED_COOPERACIÓN (Cátedra UNED de integración rexional Unión Europea e América Latina)	40.000,00 €
330-3340-479,01	A EMPRESAS, ACTIVIDADES _ CULTURA (Subv. nominativa Editorial Galaxia: "actividades 75 aniversario")	20.000,00 €
330-3340-489,05	OUTRAS TRANSFERENCIAS, ACTIVIDADES CULTURAIS _ CULTURA (Subv. nominativas)	38.000,00 €
333-3340-226,06	REUNIÓN, CONFERENCIAS E CURSOS_MUESO (Promoción cultural)	30.000,00 €
333-3341-226,02	PUBLICIDADE E PROPAGANDA_MUSEO (Proxecto 24_0019 Bial de arte)	120.000,00 €
333-3341-226,99	GASTOS DIVERSOS, OUTROS_MUSEO (Proxecto 24_0019 Bial de arte)	60.000,00 €
333-3341-227,99	TRABALLOS REALIZADOS POR OUTRAS EMPRESAS_MUSEO (Proxecto 24_0019 Bial de arte)	220.000,00 €
333-3330-632,03	MELLORAS EN CONSTRUCIÓNS_MUSEO (sondaxes Santa Clara)	360.000,00 €
333-3330-689,02	ADQUISICIÓ FONDOS_MUSEO	300.000,00 €
340-3410-479,01	A ENTIDADES CON FINS DE LUCRO, CAMPIONATOS E EVENTOS_DEPORTES (Subv. nominativa a GALIEXPO FERIAS Y EVENTOS SL: "GaliExpo MotorShow 2025")	5.000,00 €
340-3400-481,01	PREMIOS, BECAS, PENSIÓNS DE ESTUDO E INVESTIGACIÓ _DEPORTES (Ampliación axudas a deportistas de alto nivel)	130.000,00 €



APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
340-3400-489,02	A ENTIDADES CON FINS DE LUCRO, ESCOLAS DEPORTIVAS_DEPORTES (Ampliación subv. nominativa Á FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO, "Talento Motor 2025")	12.000,00 €
410-4120-621,01	INVESTIMENTOS EN TERREOS_MEDIO AMBIENTE _[MOURISCADE]. (Melloras na granxa: explanada)	2.347,40 €
410-4120-623,01	MAQUINARIA, INSTALACIÓNS E UTILLAXE, ADQUISICIÓN_MEDIO AMBIENTE _[MOURISCADE], (Sistema dixestión para análises de minerais: 14.000€; Centrifugadora: 11.000€; 4 incubadoras para microbioloxía: 27.000€;)	52.000,00 €
410-4120-632,01	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS, MELLORAS_MEDIO AMBIENTE _[MOURISCADE], (Reposición de soleira das becerras e o muro e soleira do separador (granxa))	12.720,25 €
410-4190-489,01	OUTRAS TRANSFERENCIAS, VARIAS _MEDIO AMBIENTE (Subv. nominativa Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas ANFACO)	20.000,00 €
433-4320-226.20	GASTOS DE PROMOCIÓN _TURISMO (Patrocinio "La Vuelta 2025")	140.000,00 €
433-4320-226.23	FOMENTO DO TURISMO, FESTIVAIS _TURISMO	20.000,00 €
433-4320-227.99	TRABALLOS REALIZADOS POR OUTRAS EMPRESAS _TURISMO (Mantemento "Turist Inside" e outros)	150.000,00 €
433-4320-632.03	MELLORA DE EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS _TURISMO (Obras Palacete)	98.000,00 €
922-9330-227.06	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS, PATRIMONIO_CONTRATACIÓN (A. TÉCNICA PARA CONCILIACION DOS DATOS DO INVENTARIO DE BENS COS DATOS DA CONTABILIDADE PATRIMONIAL)	80.000,00 €
926.9260.206.00	ARRENDAMENTO EQUIPOS PROCESO INFORMACIÓN _NNTT (Solución Single Sign - On e licenzas Autocad)	20.000,00 €
926.9260.222.00	SERVICIOS DE TELECOMUNICACIÓNS_NNTT (Ampliación de servizos de telecomunicación: DDoS SD-WAN)	40.000,00 €
926.9260.227.06	TRABALLOS R. POR OUTRAS EMPRESAS, ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS_NNTT, (Asistencia conversacional IA, servizo over-the-top Depo, administración electrónica Concellos)	363.000,00 €
926.9260.227.23	TRABALLOS R. POR OUTRAS EMPRESAS, MANTEMENTO EQUIPOS_NNTT (Mantemento	29.650,00 €



APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	aplicación RH-SP de xestión RRHH e nómina; Sistema de xestión económico-financeira SICAL C/S; intrusión Castro Monteagudo; lectora óptica para corrección de exames)	
932-9320-222.01	COMUNICACIÓNS POSTAIS_ORAL (Adhesión a Central de contratación da FEGAMP)	250.000,00 €
942-4590-226,06	XORNADAS, CONFERENCIAS E CURSOS, ACCIÓN COMUNITARIA _COOPERACIÓN	58.018,65 €
942-4590-227,06	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS, ACCIÓN COMUNITARIA _COOPERACIÓN	58.018,65 €
942-9431-489.01	A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, COOP. TRANSFRONTEIRIZA _ COOPERACIÓN (Subv. Nominativa Asoc. Ponte nas Ondas)	15.000,00 €
	Total Suplementos de Créditos...	2.966.308,87 €

Financiamento do expediente de Suplementos de Créditos 01/25:

Fináncianse con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Non obstante, hai que sinalar que no caso de ter que aplicar a Disposición Adicional 6ª referente ás inversións sostíbeis estarase ao disposto no artigo 32 da Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira onde se establece que “no suposto de que a liquidación orzamentaria se sitúe en superávit, este destinarase, no caso das corporacións locais, a reducir o nivel de endebedamento neto”.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870,02	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Suplementos de Crédito...	2.966.308,87 €
	TOTAL...	2.966.308,87 €

Resumo do expediente:

TOTAL SUPLEMENTOS...	2.966.308,87 €
TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	2.443.370,61 €



TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN...	-1.121.196,35 €
SUMA...	4.288.483,13 €

O resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

ORZAMENTO DE INGRESOS

Capítulo 1º Impostos directo.	0,00 €
Capítulo 2º Impostos indirectos.	0,00 €
Capítulo 3º Taxas e outros ingresos.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	0,00 €
Capítulo 5º Ingresos patrimoniais.	0,00 €
Capítulo 6º Alleamento de investimentos reais.	0,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	0,00 €
INGRESOS NON FINANCEIROS...	0,00 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	4.288.483,13 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
INGRESOS FINANCEIROS...	4.288.483,13 €
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOOS...	4.288.483,13 €

ORZAMENTO DE GASTOS.

Capítulo 1º Gastos de persoal.	0,00 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	1.680.594,02 €
Capítulo 3º Gastos financeiros.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	390.000,00 €
Capítulo 6º Investimentos reais.	1.466.864,85 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	751.024,26 €
GASTOS NON FINANCEIROS...	4.288.483,13 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
GASTOS FINANCEIROS...	0,00 €
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOOS...	4.288.483,13 €

3. Modificación do Anexo II das bases de execución, engadindo como subvencións nominativas, a seguinte:

231- BENESTAR SOCIAL			
APLICACIÓN/ CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto finalidade
231-2313-480,02	A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL _BENESTAR SOCIAL	1.047.000,00 €	



G36899375	FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS	10.000,00 €	COMPRA DE ALIMENTOS PARA PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL
240- FOMENTO DE EMPREGO			
APLICACIÓN/ CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO	Obxecto finalidade
240-2410-423,90	A ORGANISMOS PÚBLICOS, CAMARAS DE COMERCIO_FOMENTO DE EMPREGO	25.000,00 €	
Q3600430G	Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo y Vilagarcía	25.000,00 €	IV Foro de las Cámaras de Comercio del Arco Atlántico para hacer frente aos retos aos que se enfrontan as rexións que forman parte do territorio e contribuír ao desenvolvemento económico, social e medioambiental sostible
240-2410-479,01	A EMPRESAS_FOMENTO DE EMPREGO	5.000,00 €	
B01853449	EVENTOS LIJO & DMARIA SL	5.000,00 €	O Salón Internacional da Industria Acuícola, Aquafuture Spain
240-2410-453,94	A UNIVERSIDADES, CONVENIOS _FOMENTO DE EMPREGO	20.000,00 €	
Q8650002B	UNIVERSIDADE DE VIGO	20.000,00 €	Axudas a Sociedades Emprendedoras
240-2410-489.06	A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, EMPRENDEMENTO _FOMENTO DE EMPREGO	15.000,00 €	
G09731274	Asociación para o Emprendemento e a Innovación: Pont Up Store	15.000,00 €	Pont Up Store 2025
330- CULTURA			
APLICACIÓN/ CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto finalidade
330.3260.489.03	A FAMILIAS E ENTIDADES	376.001,00 €	



	SEN FINS DE LUCRO, ACTIVIDADES CULTURAIS_CULTURA		
Q-3600439-H	CONSORCIO UNIVERSITARIO DEL CENTRO ASOCIADO DE LA UNED EN PONTEVEDRA	40.000,00 €	Cátedra UNED de integración rexional, Unión Europea y América Latina
330-3340-489,05	A FAMILIAS E ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, ACTIVIDADES CULTURAIS_CULTURA	1.375.500,00 €	
G-15.110.893	Federación Galega de Bandas de Música Populares	7.000,00 €	XVIII Certame galego de bandas de música
G-94114881	Asoc. Acordeonistas Estradenses	15.000,00 €	IV Festival de acordeóns Música no Camiño
G-36128296	Asoc. Cultural Cobres	4.000,00 €	Entroido de Cobres 2025
G-36017143	Asoc. de Veciños O Castro de Santa María de Mourente	6.000,00 €	Actividades da Festa do Caldo de Mourente
G-16840498	Fundación Mondariz Templo del Agua	6.000,00 €	Tradución a inglés da serie documental “Rosendo Salvado, aventura e misión dun galego en Australia”
330-3340-479,01	A EMPRESAS, ACTIVIDADES CULTURAIS	120.000,00 €	
A-36603314	Editorial Galaxia	20.000,00 €	Actividades 75 aniversario
333 - MUSEO			
APLICACIÓN/ CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto finalidade
333-3341-453,94	A UNIVERSIDADES _MUSEO	35.000,00 €	
Q86500002B	UNIVERSIDADE DE VIGO	35.000,00 €	Creación nova aplicación para a análise do impacto económico da Bienal
340-DEPORTES			
APLICACIÓN/ CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto finalidade
340.3410.47901.	A ENTIDADES CON FINS DE	125.000,00 €	



	LUCRO, CAMPIONATOS E EVENTOS_DEPORTES		
B36945137	GALIEXPO FERIAS Y EVENTOS SL	5.000,00 €	GaliExpo MotorShow 2025
410- MEDIO AMBIENTE			
APLICACIÓN/ CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto finalidade
410-4190-489,01	OUTRAS TRANSFERENCIAS, VARIAS _MEDIO AMBIENTE	72.000,00 €	
G36625309	ASOCIACIÓN NACIONAL DE FABRICANTES DE CONSERVAS (ANFACO)	20.000,00 €	Reedición da publicación "Las familias de la conserva"
942- COOPERACIÓN			
APLICACIÓN/ CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto finalidade
942-9431-489.01	A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, COOP. TRANSFRONTEIRIZA _COOPERACIÓN	57.500,00 €	
G-36350015	Asociación PONTE... NAS ONDAS	15.000,00 €	Obradoiros de radio e podcasts en centros educativos transfronterizos e a celebración do "Día Internacional do Patrimonio"
942-9431-789.02	ACHEGAS PARA INVESTIMENTOS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, COOP.TRANSFRONTEIRIZA _COOPERACIÓN	6.000,00 €	
G-94164167	Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais "Piueiro"	6.000,00 €	carro de arrastre para o desprazamento de embarcación tradicional.
Onde se establecía:			
340 DEPORTES			
APLICACIÓN/ CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto finalidade
340-3410-489,02	OUTRAS TRANSFERENCIAS,	1.219.000,00 €	



	PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS		
Q82550031	FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO	15.000,00 €	Desenvolvemento do programa "+Talento Motor 2025"
942-COOPERACIÓN			
APLICACIÓN/ CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto finalidade e
942-2410-453,94	ACHEGAS EN CONVENIOS CON UNIVERSIDADES	30.000,00 €	
Q86500002B	UNIVERSIDADE DE VIGO	15.000,00 €	Proxectos conxuntos Universidade - Empresa
Modifícase polo seguinte:			
340 DEPORTES			
APLICACIÓN/ CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto finalidade e
340-3410-489,02	OUTRAS TRANSFERENCIAS, PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS	1.231.000,00 €	
Q82550031	FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO	27.000,00 €	Desenvolvemento do programa "+Talento Motor 2025"
942-COOPERACIÓN			
APLICACIÓN/ CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto finalidade e
942-2410-453,94	ACHEGAS EN CONVENIOS CON UNIVERSIDADES	30.000,00 €	
Q86500002B	UNIVERSIDADE DE VIGO	15.000,00 €	Actividades de promoción de I+D+I

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 02/2025 que inclúe créditos extraordinarios (EXT.02/25) por importe de 2.443.370,61 euros e suplementos de créditos (SUP.01/25) por importe de 2.966.308,87 euros, máis as modificacións do Anexo II das Bases de execución do orzamento, expóñase ao público para os efectos de reclamacións, por un



período de quince días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 02/2025, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formularsen reclamacións contra o mesmo.

3.8373.- **MODIFICACIÓN DOS PREGOS REGULADORES DO PROCEDIMENTO ABERTO SEGUIDO PARA A ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE SEGURIDADE E VIXILANCIA NOS CENTROS DA DEPUTACIÓN E REINICIO DO PRAZO DE LICITACIÓN (EXPTES. 2025015240-2024043090)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/bxaoPBN3zGUyLO60QH4bIWkqDovbGs5eCj0QvhnkcG5qvSx>

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 31 de xaneiro de 2025, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “Servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación de Pontevedra”, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, contados desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea, para a presentación de proposicións.

O anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 4 de febreiro de 2025. Na mesma data, publícanse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.



Visto que, en data 24 de febreiro de 2025 (Rexistro entrada núm. 2025002737), o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) informa do recurso especial en materia de contratación interposto pola empresa Alcor Seguridad, S.L. (CIF: B27382175) contra os pregos reguladores da presente contratación, solicitando o expediente de contratación, acompañado de informe.

No referido recurso, a recorrente solicita que o Tribunal declare a nulidade das referidas cláusulas 7.d do prego administrativo e 4.3 do prego técnico, no que respecta á existencia dunha delegación na provincia de Pontevedra, e a suspensión do procedemento ou, subsidiariamente, se lle conceda un prazo, de estimarse o recurso, para presentar oferta á licitación.

Visto o informe do Xefe de Servizo de Contratación, de data 26 de febreiro de 2025, que acompaña ao expediente completo que se remite ao TACGAL en data 27 de febreiro de 2025, no que conclúe o seguinte:

Polo exposto, visto que tanto na doutrina do TACRC como na xurisprudencia comunitaria está consolidada a idea de que se debe ser vixiante ante calquera restrición á libre concorrência fundada no denominado arraigamento territorial, e considerando que existen dúbidas razoables sobre a correcta configuración deste requisito nos pregos, toda vez que esixiuse a todos os licitadores á data de presentar as proposicións, e non só ao que resultase proposto como adxudicatario, INFORMO:

Que, atendendo ás pretensións da parte recorrente, elevarase a correspondente proposta ao Pleno da Corporación Provincial para que acorde o rectificación das cláusulas 7.d do prego administrativo e 4.3 do prego técnico reguladores do procedemento aberto convocado para a adxudicación do “Servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación de Pontevedra”, eliminado a existencia dunha delegación na provincia de Pontevedra, e concedendo un novo prazo de presentación de proposicións.”.

Visto que con data 4 de marzo de 2025, o TACGAL emite resolución 39/2025 do recurso especial en materia de contratación estimando o recurso interposto por Alcor Seguridad, S.L. (CIF: B27382175) contra os pregos da contratación (CSV: 2SL3YDDGKLSG52KT).

Tendo en conta que con data 27 de febreiro de 2025 (Rexistro entrada núm. 2025002942), a Unión Sindical Obreira (USO) presenta escrito no que se indica que as especificacións relativas ás funcións dos servizos de seguridade e vixilancia definidas no apartado 4.1 do prego de prescricións técnicas (tarefas complementarias relativas á prestación de apoio ao servizo telefónico) non



están dentro das funcións que os vixilantes de seguridade deben realizar, segundo o establecido no *capítulo II: Funcións, deberes e responsabilidade* do Real Decreto 2364/1994, de 9 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de Seguridade Privada.

Tendo en conta o informe proposta do Servizo de Contratación, Secretaría e Intervención de data 13 de marzo 2025 no que se conclúe que:

Á vista da Resolución do TACGAL, en resposta ao recurso especial en materia de contratación interposto por Alcor Seguridade, S.L. (CIF: B27382175) contra os pregos reguladores do procedemento, e do escrito presentado pola Unión Sindical Obreira, e ponderada a necesidade de dispoñer canto antes dos servizos obxecto do contrato (co prexuízo que suporía para esta Administración retrasar máis a súa adxudicación interpoñendo un recurso contencioso), considérase convinte acatar a resolución do Tribunal e ter en conta o solicitado pola Unión Sindical Obreira.

Para o cumprimento da Resolución, faise necesario a rectificación dos pregos para emendar a deficiencia advertida polo Tribunal no referente á dispoñibilidade de delegacións legalmente rexistradas na provincia de Pontevedra. Así mesmo é preciso rectificar o prego de prescricións técnicas para eliminar as tarefas complementarias establecidas no mesmo.

A este obxecto, pódese acudir ao artigo 152 da LCSP, que regula a desistencia do procedemento de adxudicación pola Administración, que non impedirá a iniciación inmediata dun novo procedemento de licitación, no que se rectificaran os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas e se iniciará un novo prazo de presentación de proposicións.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que no seu apartado 2, establece que corresponde ó Pleno actuar coma órgano de contratación neste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.3 onde figura que lle compete ó Pleno a disposición e autorización dos gastos precisos para o presente expediente de contratación.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE:



1.- Modificar o prego de cláusulas administrativas (CSV: 2OUMALWWQ4E6N3PX) e o prego de prescricións técnicas (CSV: XTB3MDHJDJHOC8V81) que rexen nesta contratación, no sentido que establece a resolución do TACGAL.

2.- Reiniciar prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación rectificado á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

No caso de que algunha empresa interesada presentara oferta durante o prazo anterior, deberá volver a presentala neste novo prazo, conforme aos pregos rectificadados neste acordo.

4.8374.- **APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO ANEXO AO ORZAMENTO 2025 (EXPTE. 2025015244)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/2VVGihKh6yr1b6x1VQ41GNZ4UxEHR0iAYzGbCgxPhwdUsRXL>

O Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e salvamento, en sesión de data 29 de outubro de 2024, acordou aprobar conxuntamente co Orzamento do Consorcio o Cadro de Persoal e de retribucións para o exercicio 2025, que contempla a creación de 17 postos de persoal laboral fixo de bombeiro-condutor, quedando o Cadro de Persoal Laboral Fixo:

CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO ORZAMENTO 2025	
DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS
XEFE DE PARQUE	3
XEFE DE QUENDA- CONDUTOR	20
BOMBEIRO-CONDUTOR	67



A Xerencia no informe emitido, con data 28-01-2025, en relación coa estrutura organizativa contida no proxecto de Relación de Postos de Traballo que contempla a dotación de 67 bombeiros-condutores, sinala que "... considera necesario converter dúas prazas de bombeiro en xefatura de parque, quedando a seguinte distribución:

PARQUE	BOMBEIROS ACTUAL	BOMBEIROS + NOVO INGRESO	XESES PARQUE
BUEU	17	21	2
PORRIÑO	19	22	1
RIBADUMIA	17	21	1
VILAGARCÍA	17	21	1
TOTAL	70 (+3XP)	85	5

Ao abeiro do artigo 37.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público este asunto foi obxecto de negociación na Mesa Xeral de Negociación de data 07-02-2025, acadando acordo.

D. Jesús Mariño Mariño, xefe de parque do Parque de Bueu, presenta escrito de alegación á devandita proposta, alegando e proponendo:

1. A redistribución do sarxento adicional a Porriño, o que garantiría unha mellor cobertura na zona de alta carga operativa e risco industrial.
2. Cambio da denominación da nova praza de "Xefe de Parque" a "Sarxento Xefe de Grupo".

A Xerencia, en informe de data 20-02-2025, ratifica a distribución e por ende a estrutura organizativa dos xefes de parque e a modificación de cadro de persoal proposta, ao considerala como a mellor opción para a prestación do servizo no ámbito territorial do Consorcio, que abrangue a 53 dos 61 concellos da provincia.

A vista do informe emitido pola Xerencia e Secretaría-Intervención, o Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra



Incendios e Salvamento, en sesión de data 26 de febreiro de 2025, acorda aprobar a modificación do Cadro de Persoal Laboral Fixo do exercicio 2025, coa transformación de 2 dos postos de bombeiro-condutor dos creados en 2 dos postos de xefes de parque, quedando o Cadro de Persoal Laboral Fixo para o exercicio 2025:

CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO ORZAMENTO 2025	
DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS
XEFE DE PARQUE	5
XEFE DE QUENDA	20
BOMBEIRO-CONDUTOR	65

A vez que, dar traslado do expediente, en canto ente de adscrición, á Deputación Provincial de Pontevedra para a tramitación, en cumprimento do artigo 122.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público en concordancia co artigo 126 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do PSdeG-PSOE e coas abstencións do BNG:

1º.- Aprobar, inicialmente, a modificación do Cadro de Persoal Laboral Fixo do exercicio 2025, coa transformación de 2 dos postos de bombeiro-condutor dos creados en 2 dos postos de xefes de parque, quedando o Cadro de Persoal Laboral Fixo para o exercicio 2025:

CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO ORZAMENTO 2025	
DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS
XEFE DE PARQUE	5
XEFE DE QUENDA	20
BOMBEIRO-CONDUTOR	65

E o CADRO DE PERSOAL 2025

APARTADO 1º: Persoal funcionario



PERSOAL ADMINISTRATIVO				
GRUPO	NIVEL /CD	DENOMINACIÓN	NÚMERO	OBSERVACIÓNS
		ESCALA HABILITACIÓN CARÁCTER ESTATAL		Exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter nacional, a través do persoal funcionario de habilitación de carácter nacional, subescala Secretaría-Intervención, clase terceira, grupo A, subgrupo A1 adscrito ao Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación Provincial de Pontevedra
		SUBESCALA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN		
A1		SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A	1	
		ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL		
		SUBESCALA TÉCNICA. CLASE SUPERIOR		
A.1	26	TÉCNICO/A RELACIÓNS LABORAIS	1	
		ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL		
		SUBESCALA ADMINISTRATIVA		
C.1	20	ADMINISTRATIVO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	1	

APARTADO 2º: Persoal directivo	
N.º POSTOS	DENOMINACIÓN
1	XERENTE

CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO ORZAMENTO 2025		
DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS	GRUPO
XEFE DE PARQUE	5	C1
XEFE DE QUENDA- CONDUTOR	20	C2
BOMBEIRO-CONDUTOR	65	C2

Dos que son de nova creación os seguintes:



PERSOAL LABORAL FIXO DE NOVO INGRESO	
DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS
XEFE DE PARQUE	2
BOMBEIRO-CONDUTOR	15

APARTADO 4º: Persoal laboral temporal	
PERSOAL LABORAL TEMPORAL POR SUBSTITUCIÓN DERIVADO DA SUBROGACIÓN POLA SUCESIÓN DE EMPRESAS DO ARTIGO 44 DO TRLET	
DENOMINACIÓN	N.º DE POSTOS
XEFE DE PARQUE	0
XEFE DE QUENDA- CONDUTOR	0
BOMBEIRO-CONDUTOR	1

2º.- En cumprimento do artigo 126.3 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local en concordancia co artigo 169 Real Decreto Lei, 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expoñer o devandito expediente a información pública durante o prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, para que os interesados poidan examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non formularse reclamacións á devandita modificación considerárase definitivamente aprobada.

5.8375.- **APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL DIRECTIVO PARA CREAR O POSTO DE DIRECTOR/A DE TURISMO (EXPTE. 202501254-2024069258)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/I0vhiQ6lpDMb47AMPVT'TngaKux0M91jaj4gsW7RO9BtqhiGo>



Resultando que por acordo adoptado no Pleno da Corporación Provincial, celebrado o 27/12/2024, apróbase definitivamente o orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra para o exercicio 2025, xunto co cadro de persoal e relacións de postos de traballo de persoal funcionario, laboral, eventual e directivo.

Resultando que en data 06/03/2025 o deputado delegado de persoal propón que se proceda á creación dun posto de traballo de director/a de turismo na RPT de persoal directivo con cargo de alto cargo, clasificado no subgrupo A1, cunha retribución anual total de 68.583,71 €, sendo de adscrición indistinta, polas características específicas das funcións a desenvolver, que se concretan na dirección da área de turismo desta Institución, baixo a dependencia do/a deputado/a provincial con competencias nesta materia e con suxeición aos procedementos marcados pola Corporación e pola lexislación vixente para a realización de actuacións, que en exercicio de competencias propias ou delegadas, conleven a existencia de especial responsabilidade e competencia técnica e directiva.

Resultando que a creación deste posto fundaméntase na potestade de autoorganización da Deputación Provincial e lévase a cabo co propósito de impulsar a promoción dos recursos e da infraestrutura turística do destino Rías Baixas nas súas diferentes liñas de actuación e desde a base da planificación estratéxica, o que representa un paso fundamental de cara á profesionalización da dirección pública da entidade; de forma que a súa implantación contribuirá a unha xestión máis eficiente, transparente e orientada a resultados, mellorando o impacto das políticas turísticas no territorio; ademais, de contribuír ao reforzamento e formalización da dirección pública profesional no ámbito local.

Resultando que a necesidade dun directivo profesional cunha visión global do sector turístico xustifícase ante a crecente demanda de planificación estratéxica e captación de oportunidades externas. Neste sentido a proposta aclara que este novo posto non substituirá as funcións da xefatura do Servizo, senón que as potenciará mediante a implementación dunha dirección estratéxica coherente e eficaz, en concordancia cos obxectivos doutras áreas de xestión de competencias da Deputación de Pontevedra, delimitando de forma detallada as funcións que corresponden a cada posto.



Resultando que segundo se argumenta na proposta o sector turístico require unha coordinación constante con organismos autonómicos, estatais e internacionais, así como co sector privado, polo que a figura dun director/a de Turismo garantirá a representación institucional xunto cos deputados e deputadas provinciais e a xestión eficaz deses vínculos e contribuirá a mellorar a eficiencia do Servizo de Turismo, optimizando a planificación e execución de proxectos e asegurando unha mellor asignación de recursos. Ademais, permitirá reforzar a avaliación do impacto das políticas turísticas mediante a aplicación de novas metodoloxías.

Resultando que a urxencia vén motivada pola necesidade de dispor dun perfil especializado para levar a cabo cantas accións sexan precisas para definir, desenvolver, coordinar e executar a política provincial na área de turismo.

Resultando que o custo laboral que deriva desta modificación detállase no seguinte cadro:

Custos laborais	Importe anual	Aplicacións orzamentarias
Retribucións totais	68.583,71 €	De ser FC: 921.9200.120.00; 212.00 e 121.01 De ser LAB: 921.9200.131.00
Cota empresarial á seguridade social	18.852,61 €	De ser FC: 921.9200.160.00 De ser LAB: 921.9200.160.01
TOTAL	87.436,32 €	

Considerando que a figura do persoal directivo profesional recóllese nos artigos 13 do Real decreto legislativo 2/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP) e do 33 a 36 da Lei 2/2015, de 29 de outubro, de Emprego Público de Galicia (LEPG).

Considerando que os artigos 4.1 e 33.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LRBRL), 70.3 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais (ROF), e 126.3 do Real decreto legislativo 781/86, de 18 de abril, pola que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), atribúen ó Pleno da Corporación



Provincial a organización da Deputación, así como a aprobación do cadro de persoal e relación de postos de traballo a través do orzamento provincial.

Considerando que así mesmo, o artigo 33.1 c) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), atribúe ao Pleno da Corporación Provincial a aprobación e modificación dos orzamentos, de acordo co previsto na Lei Reguladora de Facendas Locais.

Considerando que neste caso, a modificación do cadro de persoal e relación de postos de traballo de persoal directivo que se propón motívase na potestade de autoorganización da Corporación Provincial, recoñecida nos citados artigos, así como na adaptación da estrutura de persoal ás necesidades desta área de goberno, estando suficientemente motivada a proposta, xa que diferencia as funcións que corresponden a este novo cargo, centradas na planificación estratéxica, deseño, liderado e representación, das que se atribúen á actual xefatura de Servizo, de organización, execución, administración, xestión, coordinación, supervisión e control.

Considerando que de acordo co indicado no artigo 33 da LEPG e 13 do TRLEBEP a determinación das condicións de emprego do persoal directivo non ten a consideración de materia obxecto de negociación colectiva.

Considerando que tal e como esixe o artigo 126.3 do TRRL, a modificación do cadro de persoal durante a vixencia do orzamento requirirá o cumprimento dos trámites establecidos para a modificación de aquel.

Considerando que neste sentido, o artigo 168 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sinala que a aprobación do cadro de persoal e relación de postos de traballo seguirá os mesmos trámites que a aprobación do orzamento, os cales se describen neste mesmo artigo e seguintes, 169 e 170, o que require aprobación inicial, exposición ao público por período de 15 días hábiles a efectos de reclamacións, e aprobación definitiva, debendo, non obstante, terse en conta o artigo 202 da Lei 2/2015, que fixa un prazo de información pública non inferior a vinte días.

Considerando canto antecede, vistos os informes que obran no expediente e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia,



Réxime Interno e Facenda, o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PP, cos votos en contra do PSdeG-PSOE e coas abstencións do BNG, crear no cadro de persoal directivo con rango de alto cargo da Deputación Provincial de Pontevedra o posto de traballo de director/a de Turismo, clasificado no subgrupo A1, cunha retribución anual total de 68.583,71 €.

6.8376.- **APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO REFORMULADO DA ACTUACIÓN “MELLORA E REMODELACIÓN DO PARQUE DA RAMALLOSA” PRESENTADO POLO CONCELLO DE NIGRÁN AO ABEIRO DO PROGRAMA PON2030 (EXPTE. 2023030681-2025016934)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/24k0X78h527KYGkrksBLrtgM0jxIdf75bhLPbT8dNpJVDby8>

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 06/03/2023, mediante o acordo núm. 2.7960, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 46, de 07/03/2023, modificadas polo Pleno provincial na súa sesión ordinaria de 29/09/2023, mediante o acordo núm. 3.8051, publicadas no BOPPO núm. 191, de 03/10/2023.
- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria urxente de 23/06/2023, mediante o acordo núm. 4.8011, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrència competitiva ao Concello de Nigrán con destino á execución da actuación denominada “Mellora e Remodelación do Parque da Ramallosa”, ao abeiro do Programa PON2030. O custo total da actuación ascendía a 962.197,12€ e a subvención concedida a 769.757,70€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 192.439,42€.
- Mediante a Resolución Presidencial núm. RP2023007038, de 18/09/2023, (corrixida mediante a Resolución Presidencial núm. RP2023007567 de data 09/10/2023) aprobouse o correspondente convenio de colaboración entre



a Deputación de Pontevedra e o Concello de Nigrán, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 29/12/2023.

- Coa intención de adaptalo proxecto de “Mellora e remodelación do parque da Ramallosa” ás condicións establecidas na autorización concedida en materia de patrimonio cultural, na data 30/01/2025 o Concello de Nigrán presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2025005828), entre outros documentos, un proxecto reformulado do proxecto inicial e o Decreto de aprobación do mesmo e na data 10/02/2025 (núm. rexistro WEB2025007895) o concello presenta documentación complementaria. Os cambios introducidos no proxecto non supoñen modificación do importe total do orzamento de licitación.
- Na data 10/03/2025, en contestación ao requirimento realizado polo Servizo de Cooperación, o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2025016118) un informe sobre os cambios producidos no proxecto.
- O técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto na data 11/03/2025 (CSV: FTM7YUF1JJWLTEBB).
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa PON2030 na data 14/03/2025, conclúese que pódese continuar coa tramitación do expediente, tendo en conta que os cambios introducidos non afectan aos aspectos técnicos, nin modifican os obxectivos propostos da Axenda 2030, nin o cumprimento das políticas panca e principios Ágora do proxecto primitivo e conclúese que se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
- O día 14/03/2025 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: 5U7Z6LOJSPWVKSKK).
- Na data 18/03/2025 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que considera que os cambios introducidos no proxecto non modifican a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria (CSV: XKNOJ9BM6KF6I2XY).
- O día 18/03/2025 a Intervención provincial informa favorablemente a proposta de aprobación do proxecto reformulado (CSV:



9K5WU8NPBBE0Z4WV).

- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 21/03/2025 (CSV: A8ZZP070MM7JO1U8).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30/12/2016 (OXSDPPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030.
- Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello



de Nigrán para a execución da actuación denominada “Mellora e remodelación do parque da Ramallosa” ao abeiro do Programa PON2030.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de



aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrência competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.

- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Cláusula 6ª do Convenio, en concordancia coa Base reguladora 17ª da convocatoria, pola que, se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a dita modificación, que deberá ser aprobada polo órgano competente do Concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a aprobación polo Concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. As modificacións financiaranse co importe das baixas que se produzan no proceso de adxudicación dos contratos. O importe das baixas non aplicadas aplicarase proporcionalmente entre a Deputación e o Concello. No caso de non existir ou de ser o importe da modificación superior ao importe da baixa, financiarase coa achega do Concello ou coas doutros entes públicos.

Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓN

O proxecto reformulado presentado polo Concello de Nigrán para a execución da actuación denominada “Mellora e remodelación do parque da Ramallosa”, no marco do Programa PON2030, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.



O importe total do orzamento do proxecto reformulado correspóndese co do proxecto inicial, manténdose invariable o importe da subvención concedida.

A Comisión de Persoas Expertas do Programa PON2030 pon de manifesto que os cambios introducidos non afectan á puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa PON2030 e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrência competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, o Pleno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto técnico reformulado da actuación “Mellora e remodelación do Parque da Ramallosa” presentado polo Concello de Nigrán ao abeiro do Programa PON2030.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Nigrán, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

7.8377.- **APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO MODIFICADO DA ACTUACIÓN “EXECUCIÓN PASEO DA CORREDOIRA E AUGUSTO GONZÁLEZ BESADA. FASE 1: AUGUSTO GONZÁLEZ BESADA E CORREDOIRA SUR” PRESENTADO POLO CONCELLO DE TUI AO ABEIRO DO PROGRAMA PON2030 (EXPTE. 2023030660-2025016936)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/ejLRFO2o5YcZSau6wOxm03AJ16b0YS9xbkiudfMDexIKowZI>



ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 06/03/2023, mediante o acordo núm. 2.7960, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 46, de 07/03/2023, modificadas polo Pleno provincial na súa sesión ordinaria de 29/09/2023, mediante o acordo núm. 3.8051, publicadas no BOPPO núm. 191, de 03/10/2023.
- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria urxente de 23/06/2023, mediante o acordo núm. 4.8011, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrència competitiva ao Concello de Tui con destino á execución da actuación denominada “Execución Paseo da Corredoira e Augusto Glez. Besada. Fase 1: Augusto Glez. Besada e Corredoira Sur”, ao abeiro do Programa PON2030.
O custo total da actuación ascendía a 994.643,81€ e a subvención concedida a 795.715,05€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 198.928,76€.
- O 10/11/2023 asínase o correspondente convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Tui, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes. Na súa cláusula 6ª recóllese que, de xurdir a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.
- Na data 13/11/2024 o concello adxudica o contrato da obra por un importe de 905.026,40€, resultando unha baixa de adxudicación de 89.617,41€ (9,01%). Na data 15/11/2024 formalízase o correspondente contrato administrativo.
- Na data 05/02/2025, o Concello de Tui presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2025007180) un proxecto modificado, unha resolución da alcaldía de aprobación da modificación do proxecto, e unha solicitude de autorización sectorial á Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia. O



07/02/2025 emítese requirimento ao concello (NOT2025002749), que foi contestado o día 12/02/2025 coa presentación dun informe da redactora do proxecto respecto ás autorizacións sectoriais, o plano de pavimentos e ámbito da actuación, así como a resolución de adxudicación da obra (núm. Rexistro WEB2025008361). Posteriormente, con data 26/02/2025, o Concello de Tui presenta un informe subscrito pola persoa que ostenta a secretaría xeral relativo á aprobación do proxecto modificado pola Comisión de Seguimento do Plan Especial de Protección do conxunto histórico Artístico de Tui (PEPCHA) (núm. Rexistro WEB2025012059). O novo orzamento de adxudicación (aplicando a porcentaxe de baixa) ascende a 1.165.581,54€, resultando un incremento de 260.555,14€ (28,79%), que pode financiarse contra a baixa de adxudicación (89.617,41 €), e ao abeiro do Plan Máis Provincia 2025 (170.937,73 €), cuxa solicitude xa se está a tramitar. Finalmente, o día 06/03/2025 o concello presenta a resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se autorizan as sondaxes e controis arqueolóxicos, así como os planos das seccións (núm. Rexistro WEB2025014969).

A necesidade de modificar o proxecto xorde porque unha vez iniciadas as obras, e tras a comprobación do estado das redes existentes ocultas ou tapadas na contorna, puido comprobarse que os tubos da rede de saneamento onde verten as augas de fecais e pluviais atópanse en moi mal estado, o que fai necesaria estudar a substitución das instalacións. O mesmo sucede co abastecemento nunha parte importante da rúa Augusto González.

- O técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto na data 07/03/2025 (CSV: 896Q6Y5M5L32L6G9).
- Examinado o proxecto modificado pola Comisión de persoas expertas do Programa PON2030 na sesión de data 14/03/2025, conclúese que pódese continuar coa tramitación do expediente, tendo en conta que os cambios non afectan aos aspectos técnicos, aos obxectivos propostos da Axenda 2030, as políticas panca consideradas no proxecto orixinal, nin aos principios Ágora, manténdose a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
- O día 14/03/2025 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: 51G8UL5B1LEFKX1N).
- Na data 18/03/2025 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a



Intervención emite informe no que considera que os cambios introducidos no proxecto non modifican a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria (CSV: YZ56U885NDEBICV5).

- O día 18/03/2025 a Intervención provincial informa favorablemente a proposta de aprobación do proxecto modificado (CSV: 6YH45D96KZHHUQJH).
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 21/03/2025 (CSV: AI2XFWMC4HQM4WX2).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30/12/2016 (OXSDPPO).



- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030.
- Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Tui para a execución da actuación denominada “Execución Paseo da Corredoira e Augusto Glez. Besada. Fase 1: Augusto Glez. Besada e Corredoira Sur” ao abeiro do Programa PON2030.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.



- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrència competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Cláusula 6ª do Convenio, en concordancia coa Base reguladora 17ª da convocatoria, pola que, se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a dita modificación, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a aprobación polo concello, a deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. As modificacións financiaranse co importe das baixas que se produzan no proceso de adxudicación dos contratos. O importe das baixas non aplicadas aplicarase proporcionalmente entre a deputación e o concello. No caso de non existir ou de ser o importe da modificación superior ao importe da baixa, financiarase coa achega do concello ou coas doutros entes públicos.

Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en



virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓN

O proxecto modificado presentado polo Concello de Tui para a execución da actuación denominada “Execución Paseo da Corredoira e Augusto Glez. Besada. Fase 1: Augusto Glez. Besada e Corredoira Sur”, no marco do Programa PON2030, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

O concello tramitou o oportuno expediente porque unha vez iniciadas as obras, e tras a comprobación do estado das redes existentes ocultas ou tapadas na contorna, puido comprobarse que os tubos da rede de saneamento onde verten as augas de fecais e pluviais atópanse en moi mal estado, o que fai necesaria estudar a substitución das instalacións. O mesmo sucede co abastecemento nunha parte importante da rúa Augusto González.

O proxecto modificado incrementa o orzamento de adxudicación en 260.555,14 €. Tendo en conta que existe unha baixa na adxudicación por importe de 89.617,41 €, pode financiarse contra dita baixa de adxudicación (89.617,41 €), e ao abeiro do Plan Máis Provincia 2025 (170.937,73 €), cuxa solicitude xa se está tramitando.

A Comisión de Persoas Expertas do Programa PON2030 pon de manifesto que os cambios introducidos non afectan á puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

O proxecto modificado preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa PON2030 e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, o Pleno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto técnico modificado da actuación “Execución Paseo da Corredoira e Augusto Glez. Besada. Fase 1: Augusto Glez. Besada e



Corredoira Sur” presentado polo Concello de Tui ao abeiro do Programa PON2030.

- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Tui, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

8.8378.- **EXECUCIÓN DE SENTENZAS NÚM. 237/2022 DE DATA 24/10/2022, DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 2 DE PONTEVEDRA E NÚM. 00059/2023 DE DATA 10/03/2023, SECCIÓN 3ª DA SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DO TSXG, CONSECUENCIA DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLO CONCELLO DO PORRIÑO CONTRA O ACORDO PLENARIO NÚM. 4.7719, DE 17/12/2021, REFERENTE Á EXCLUSIÓN DA SÚA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON E CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN (EXPTE. 2021040022-2025016937)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/5gEKsB'ThHL8CfZdXTXJjZGqDRumSEQcfj642JYKqrKLutUoY>

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 28/05/2021, núm. 7.7624, acordou aprobar as Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-COVID-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
As devanditas bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO núm. 102, do 01/06/2021, sendo o prazo de presentación de solicitudes de dous meses a partir de dita publicación.
- O 02/08/2021 o Concello do Porriño presentou no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2021030813) unha solicitude de subvención por importe de 645.024,26 euros para o investimento denominado “Humanización da Prolongación Antonio Palacios”, cun



orçamento de 860.032,34 euros e cunha achega municipal de 215.008,08 euros. A actuación correspondíase coa Liña 3 de Espazos Urbanos das citadas Bases reguladoras do Programa ReacPon.

- Unha vez recibidas e examinadas todas as solicitudes, mediante o acordo do Pleno da Deputación de Pontevedra núm. 4.7719, de 17/12/2021, aprobouse a concesión das subvencións, excluíndose a solicitude realizada polo Concello do Porriño por canto o proxecto non acadaba o 50% da puntuación total, de conformidade co indicado na base 6.1 da convocatoria. Na data 17/12/2021 practícase desde o Servizo de Cooperación a notificación do citado acordo desfavorable ao Concello do Porriño, constando a aceptación da mesma pola entidade local o día 20/12/2021.
- O concello presentou o día 21/01/2022, mediante rexistro núm. 2022001531, alegacións debido ao recurso contra o citado acordo plenario aducindo que a resolución administrativa de exclusión da subvención debe ser anulada por ausencia de motivación, como consecuencia da infracción do artigo 35.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), sinalando ademais que cumprían os requisitos para acadar a puntuación mínima esixida.
- Na data 09/02/2022 a xefa do Servizo de Cooperación emite informe técnico xurídico acerca do recurso de reposición no que se recolle que o recurso se presentou fóra de prazo (CSV: FRE8H9QOFLRCFNKB).
- A Secretaría Xeral emite na data 15/02/2022 un informe que conclúe que a presentación do recurso de reposición fóra de prazo ten como consecuencia a súa inadmisión en vía administrativa (CSV: S9S5NGMLM8OH2BDO).
- Mediante o acordo plenario núm. 8.7751, de 25/02/2022, aprobouse a inadmisión a trámite por extemporáneo do recurso de reposición interposto polo Concello do Porriño contra o acordo núm. 4.7719, de 17/12/2021.
- Na data 03/03/2022 practícase desde o Servizo de Cooperación a notificación do citado acordo, constando a aceptación da mesma pola entidade local na mesma data.



- Na data 13/05/2022 o letrado municipal interpón recurso contencioso-administrativo contra o acordo do Pleno. A través da sentenza núm. 237/2022 de data 24/10/2022, do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, anúlase e revógase a resolución impugnada, e acórdase a retroacción das actuacións para os efectos de que a Deputación dite nova resolución que resolva de conformidade a dereito.
- Con posterioridade, en sentenza núm. 00059/2023 de data 10/03/2023, a Sección 3ª da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia desestima o recurso de apelación núm. 7017/2023 contra a devandita sentenza núm. 237/2022 de 24/10/2022.

Finalmente, contra esta sentenza, que non era firme, a Deputación de Pontevedra desiste da interposición de recurso de casación establecido no artigo 86 e ss. da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

- Na data 13/01/2025, mediante rexistro núm. 2025000446, o Concello do Porriño remite escrito de alegacións, solicitando, dunha parte, o acceso ao expediente administrativo e, doutra, a revisión das puntuacións outorgadas ao devandito proxecto, na valoración dos criterios 6.2.b); 6.2.c) e 6.2.d) e se actualice a táboa de baremación conforme ás mesmas.
- Co fin de resolver as alegacións interpostas polo Concello do Porriño, en base á documentación que obra no expediente, o servizo instrutor procede dunha parte, a xestionar o acceso polo Concello do Porriño ao expediente electrónico e, doutra, a convocar á Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon, que se reúne en data 29/01/2025 e na que se acorda estudar novamente o proxecto “Humanización prolongación Antonio Palacios” e demais documentación aportada, e elaborar un informe técnico ao respecto.
- En data 05/02/2025 reúnese de novo a Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon e, tras estudar novamente o proxecto e analizar o informe técnico de data 05/02/2025 (CSV: 56O0JZ3EWN4IHK), acorda prestar conformidade ao devandito informe, no que se outorga unha puntuación de 52,37 puntos ao proxecto “Humanización prolongación



Antonio Palacios”, polo que do exame obxectivo e rigoroso do proxecto técnico dedúcese que cumpre os requisitos técnicos esixidos para ser considerado subvencionable.

- Na data 17/02/2025 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: CPE2DZ6E2BCF8NDP).
- O día 12/03/2025 a Intervención provincial emite dilixencia de conformidade (CSV: 23ARRNCFF0X46XJS).
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 21/03/2025 (CSV: A112L6RA3EPBJ44X).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPPO).



- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-Covid-19. Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia).

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 6ª da convocatoria, que establece que o procedemento de concesión das subvencións é o de concorrência competitiva, de acordo cos criterios de valoración recollidas nela.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación á instrución do procedemento de concesión.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que a xefa do Servizo de Cooperación, emitirá informe-proposta no que figurará a valoración feita pola comisión de persoas expertas á luz dos criterios de valoración establecidos nas bases.

Resolución do expediente

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.



- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigos 17 e ss. da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión mediante concorrencia.

Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓNS

Ao terse denegada polo acordo do Pleno da Deputación núm. 4.7719, na data 17/12/2021, a concesión de subvención ao Concello do Porriño por importe de 645.024,26 € ao abeiro do Programa ReacPon, por considerarse que o proxecto técnico “Humanización prolongación Antonio Palacios” non acadaba o 50% da puntuación total de conformidade co indicado nas bases da convocatoria para ser considerado subvencionable, e de acordo cos antecedentes e os fundamentos de dereito sinalados, e visto o informe dos Servizos Técnicos de Cooperación de data 05/02/2025, as actas das sesións da Comisión de Persoas Expertas celebradas o 29/01/2025 e o 05/02/2025, o informe da xefa do Servizo de Cooperación de data 17/02/2025, a dilixencia de conformidade de Intervención de data 13/03/2025, e o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 21/03/2025, o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE:

- Executar as sentenzas núm. 237/2022 de data 24/10/2022, do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra e núm. 00059/2023 de data 10/03/2023, Sección 3ª da Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG, e na súa consecuencia, estimar as alegacións presentadas no seu día polo Concello do Porriño, como consecuencia do recurso interposto contra o acordo do Pleno da Deputación Provincial núm. 4.7719, de data 17/12/2021, ao considerarse que foron presentadas en tempo e que a súa solicitude de subvención acada o 50% da puntuación total esixible por Bases, en concreto, un 52,37%.



- Dispoñer a incoación do expediente de modificación orzamentaria para dotar con crédito suficiente a aplicación 25/942.9420.762.75 ReacPon Porriño_00794 para conceder unha subvención.
- Conceder unha subvención ao Concello do Porriño por importe de 645.024,26€ quedando condicionada a mesma á eficacia do correspondente acordo de modificación orzamentaria.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello do Porriño, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

9.8379.- **APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO CONSTRUTIVO DE ENSANCHE E MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA EP-2702 AMOEDO-OS VALOS DENDE O PQ 6+550 ATA O PQ 7+980 (CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN) E DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN (EXPTE. 2024072125)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/EiK1Z7ly4EChOJziUdU3c67q9oKjnnumXOMiKjGCf4SIRpnS>

Antecedentes.

1. Convenio

En data 4 de novembro de 2024 asinouse un convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pazos de Borbén para a execución das obras de *“Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo – Os Valos dende o p.q. 6+550 ata o p.q. 7+980”*.

De conformidade co convenio formalizado, correspóndelle á Deputación tramitar e xestionar o expediente de expropiación e o importe total dos prezos xustos polos bens e dereitos afectados financiarase integramente polo Concello de Pazos de Borbén.

2. Aprobación inicial do proxecto e do expediente expropiatorio.



O Pleno da Deputación na sesión de 27 de decembro de 2024 acordou:

- Aprobar inicialmente o proxecto construtivo de *“Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo–Os Valos dende o p.q. 6+550 ata o p.q. 7+980 (Concello de Pazos de Borbén)”*.
- Expoñer ao público o proxecto construtivo por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, para os efectos de reclamacións polo prazo de vinte días hábiles, entendéndose definitivamente aprobado de non producirse estas coa implícita declaración de utilidade pública da obra e da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por esta.
- Aprobar a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación e a tramitación do procedemento de expropiación.
- Expoñer ao público a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.
- Notificar individualmente ás persoas propietarias/titulares catastrais das parcelas obxecto de expropiación.

3. Información pública.

Publicáronse anuncios no Taboleiro de Edictos do Concello de Pazos de Borbén (dende o 6 de febreiro ao 6 de marzo de 2025), BOPPO (10 de febreiro de 2025), BOE (10 de febreiro de 2025), Sede Electrónica da Deputación (do 10 de febreiro a 11 de marzo de 2025) e no xornal Diario de Pontevedra o día 20 de febreiro de 2025.

Os prazos de presentación de reclamacións fronte á aprobación do expediente de expropiación e do proxecto (15 e 20 días, respectivamente, contados dende a data da derradeira publicación) remataron o 11 de marzo de 2025.

Ademais, notificáronse individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos bens e dereitos obxecto de expropiación.



4. Alegacións presentadas.

Presentáronse as seguintes alegacións durante o prazo establecido:

Data	Nº rexistro	Interesado
21-02-2025	WEB2025010940	Comunidade de montes vecinales de Saxamonde – Redondela
25-02-2025	2025002810	Juan Manuel Vázquez Amoedo

Consideracións legais e técnicas.

1ª.- Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á información pública e Bo Goberno.
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).
- Lei de 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa (LEF), e o seu regulamento, aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957 (RLEF).
- RD Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (TRLRU), e o RD 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da lei do solo.
- Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

2ª.- Alegacións



En data 12 de marzo de 2025, César Aja Chao, enxeñeiro de camiños e director de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra, emite o seguinte informe:

“Primeiro: En data 21 de febreiro de 2025, a COMUNIDAD DE MONTES VECINALES DE SAXAMONDE-REDONDELA presenta por Rexistro da Deputación de Pontevedra (nº de rexistro WEB2025010940) un escrito de alegacións onde, en síntese, solicita que non se efectúe a expropiación dunha franxa de terreo (pertencente segundo o proxecto á parcela 36037A02160001 e que, segundo o interesado, debería estar incluída na parcela 36045A03000168), considerando a “existencia dun depósito de rego construído polo Concello de Redondela para uso dos regantes, a existencia dun depósito de abastecemento da poboación construído pola Comunidade de Usuarios de Montecelo así como unha captación de auga coñecida como Xabreira”. Solicítase tamén que non se estableza o punto limpo contemplado na páxina 190 do proxecto polos mesmos motivos sinalados anteriormente.

En resposta a esta solicitude:

Infórmase de que a superficie a expropiar das parcelas 36037A02160001 e 36045A03000168 prevista no proxecto, entre o PQ 7+320 e o PQ 7+260, ubícase na marxe esquerda da estrada actual (en sentido de avance de PQ), isto é, o proxecto non prevé ocupación na zona onde o solicitante afirma que se atopan o depósito e a captación, polo que estes non se verían afectados.

Por outra banda, no referente á localización das instalacións auxiliares e de xestión de residuos da obra, infórmase de que a localización indicada no Anexo de Estudo de Xestión de Residuos é unha proposta do proxecto construtivo non vinculante. A localización destas instalacións avalíase segundo os condicionantes existentes e as necesidades no momento da execución da obra. Serán tidos en conta, para a súa localización, os condicionantes mencionados nesta solicitude.

Por todo o exposto, desestímase a alegación.

Segundo: En data 25 de febreiro de 2025, D. Juan Manuel Vázquez Amoedo presenta no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra (nº de rexistro 2025002810) un escrito de alegacións onde, en síntese, solicita que “acuda ao lugar” da obra o persoal técnico da Deputación para comprobar a localización dun nacente de auga pertencente á súa propiedade e situado ou ben na parcela nº 43 (36037A02160001) ou ben na parcela nº 44 (36045A03000167), preto a onde se levantará un muro de sostemento que podería afectar a dito nacente existente que non vén recollido no proxecto.

En resposta a esta solicitude, infórmase que aqueles servizos existentes de titularidade particular que non foran reflexados no proxecto construtivo e que poidan verse afectados



pola execución das obras, serán tidos en conta para o seu mantemento ou reposición si procede.

Por todo o exposto, desestímase a alegación.”

3ª Aprobación definitiva do proxecto.

O Pleno, con quórum de maioría simple, é o órgano competente para a aprobación inicial e definitiva do proxecto coas declaracións implícitas que supón para os efectos de expropiación.

Non é preceptivo o informe de Secretaría, tal e como se sinala no seu informe de data 13 de agosto de 2024. A Intervención Xeral informou favorablemente a proposta de aprobación do proxecto o 29 de agosto de 2024.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da LEF entenderanse co Ministerio Fiscal as dilixencias correspondentes ás parcelas cuxos titulares non recolleron as notificacións individuais e non compareceron.

Polo que antecede e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade o Pleno acorda por unanimidade a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar definitivamente o proxecto construtivo de “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo – Os Valos dende o p.q. 6+550 ata o p.q. 7+980 (Concello de Pazos de Borbén)*” cun orzamento de 960.465,35 € e 40.149,67 € en concepto de expropiacións.

Segundo.- Desestimar a alegación presentada pola Comunidade de Montes Vecinales de Saxamonde Redondela, xa que a actuación proxectada non afecta ao depósito e á captación das parcelas con referencias catastrais 36037A02160001 e 36045A03000168.

Terceiro.- Desestimar a alegación presentada por D. Juan Manuel Vázquez Amoedo, xa que aqueles servizos existentes de titularidade particular que non foran reflexados no proxecto construtivo e que poidan verse afectados pola execución das obras, serán tidos en conta para o seu mantemento ou reposición si procede.



Cuarto.- Aprobar definitivamente o expediente de expropiación, declaración de utilidade pública e urxente ocupación dos bens e dereitos conforme á relación que se detalla no Anexo I entendéndose as dilixencias co Ministerio Fiscal en representación das persoas titulares das parcelas que non recolleron as notificacións individuais e non compareceron no procedemento.

Anexo I.- Relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.

PARC. NÚM.	REF. CATASTRAL	SUPERFICIE EXPROPIACIÓN (m ²)	BENS AFECTADOS
1	36037A02100135	47,75	
5	36037A02100557	46,23	46,23 uds. de árbore madeirable.
7	36037A02100548	51,98	51,98 uds. de árbore madeirable.
8	36037A02100547	8,23	8,23 uds. de árbore madeirable.
13	36037A02100544	4,74	4,74 uds. de árbore madeirable.
15	36037A02100571	126,52	126,52 uds. de árbore madeirable.
18	36037A02100574	46,16	46,16 uds. de árbore madeirable.
19	36037A02100524	26,25	26,25 uds. de árbore madeirable.
20	36037A02100523	25,52	25,52 uds. de árbore madeirable.
21	36037A02100522	31,41	31,41 uds. de árbore madeirable.
22	36037A02100521	29,39	29,39 uds. de árbore madeirable.
23	36037A02100520	1,35	1,35 uds. de árbore madeirable.
25	36037A02100519	56,62	56,62 uds. de árbore madeirable.
26	36037A02100518	60,44	60,44 uds. de árbore madeirable.
27	36037A02100516	28,25	28,25 uds. de árbore madeirable.
29	36037A02100508	154,29	154,29 uds. de árbore madeirable.
28	36037A02100515	26,06	26,06 uds. de árbore madeirable.
30	36037A02100507	53,13	53,13 uds. de árbore madeirable.
31	36037A02100490	7,57	7,57 uds. de árbore madeirable.
35	36037A02100641	7,62	7,62 uds. de árbore madeirable.
32	36037A02100506	87,53	87,53 uds. de árbore madeirable.
33	36037A02100505	66,38	66,38 uds. de árbore madeirable.
34	36037A02100504	46,76	46,76 uds. de árbore madeirable.
39	36037A02100503	1,23	1,23 uds. de árbore madeirable.
36	36037A02100639	1,32	1,32 uds. de árbore madeirable.
37	36037A02100501	10,78	10,78 uds. de árbore madeirable.
40	36037A02100598	7,33	7,33 uds. de árbore madeirable.
41	36037A02100502	13,56	13,56 uds. de árbore madeirable.
43	36037A02160001	307,99	307,99 uds. de árbore madeirable.
44	36045A03000167	582,69	582,69 uds. de árbore madeirable.



10.8380.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO
POPULAR (PP) DE SOLICITUDE AO GOBERNO DE
ESPAÑA PARA A DRAGAXE DO RÍO MIÑO NO SEU
PERCORRIDO POLOS CONCELLOS RIBEIREÑOS
DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (EXPTE.
2025015900)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/2vWc5ljbGVsqSGDVetO5S87thazaTa6xSEQgVmYmkU5XLSCt>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda do 21 de marzo de 2025, acorda por maioría, cos votos a favor do PP e coas abstencións do PSdeG-PSOE e do BNG, aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) de solicitude ao Goberno de España para a dragaxe do Río Miño no seu percorrido polos concellos ribeireños da provincia de Pontevedra.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Miño é o río máis importante de Galicia e, por suposto, da provincia de Pontevedra e conta cunha importancia fundamental e estratéxica nos eidos social, económico, pesqueiro, turístico, ambiental, paisaxístico e natural para o noso territorio, pero, lamentablemente, está a sufrir un gran deterioro e unha excesiva degradación das súas condicións nos últimos anos sen que o Goberno de España, como responsable deste cauce de carácter internacional compartido con Portugal, teña adoptado medidas efectivas para a súa recuperación e posta en valor.

Neste sentido, cómpre sinalar que, tras preto de quince anos sen actuacións no leito do río, a sedimentación de materiais, terras e áridos está a producir efectivos nocivos no Miño, especialmente na contorna da desembocadura, dificultando a circulación fluvial -e incluso suspendéndoa desde 2021 no caso do ferri de Santa de Cassia malia as obras realizadas pola Xunta no porto guardés da Pasaxe-, entorpecendo o traballo dos pescadores e deteriorando os seus valores ambientais.



A esta situación de depósito de sedimentos, que practicamente afoga a vida propia do río, engádesse outro problema coa aparición de especies invasoras e exóticas, sobre todo a labaza, que impiden en gran medida o funcionamento natural deste cauce e o seu respectuoso aproveitamento por parte dos oito concellos pontevedreses ribeireños.

Os crecentes problemas do río Miño polas anteditas circunstancias supoñen un grave prexuízo socioeconómico para toda esta contorna, con especial incidencia nos sectores pesqueiro e turístico, e tamén no ámbito da seguridade, posto que o estado do mesmo dificulta moito a operatividade dos equipos e recursos de rescate ante un posible accidente nas súas augas.

Deste xeito, o estado do río está a ser motivo dunha preocupación, cada vez en maior ascenso, por parte de todos os sectores, colectivos e administracións da zona sur da provincia de Pontevedra. Así, a Asociación de Pescadores Río Miño ten reclamado de xeito insistente que se acometan solucións urxentes para coidar e recuperar este cauce a través dunha dragaxe e da adopción de medidas tendentes a erradicar as especies invasoras que avanzan polo seu percorrido.

Ademais, os concellos da Guarda, O Rosal e Caminha xa realizaron unha petición formal, co gallo do Cumio Ibérico celebrado entre España e Portugal o pasado mes de outubro, para que se procedese á limpeza completa e dragaxe do Miño nunha solicitude que é compartida por outras administracións locais, partidos políticos e entidades sociais e cidadás dos demais municipios afectados.

Incluso, a Comandancia Naval do Miño, emprazada no Concello de Tui, ten alertado de que a execución dunha dragaxe faise cada vez máis imprescindible para garantir a supervivencia do río e mellorar as súas condicións xerais, posto que a forte sedimentación está a diminuír por completo o cauce, o que podería xerar consecuencias medioambientais máis alá do propio Miño. De feito, ten admitido que estes aspectos trasládanse de maneira periódica á Comisión Permanente Internacional do Río Miño.

Sen embargo, e malia a importante incidencia do río na vida dos concellos pontevedreses da Guarda, O Rosal, Tomiño, Tui, Salvaterra, As Neves, Arbo



e Crecente -pertencentes ás comarcas do Baixo Miño, O Condado e A Paradanta-, seguen a agardarse as solucións necesarias por parte do Goberno de España como administración competente dun cauce de carácter internacional.

Así, o subdelegado do Goberno, Abel Losada, nas súas visitas a esta contorna, ten amosado o seu apoio tanto á elaboración dun proxecto europeo para a erradicación das plantas invasoras que avanza polo leito como á execución dunha dragaxe, posto que a considera necesaria para a pesca e a navegación no río.

Pero como é habitual por parte do Goberno de España cando se trata da provincia de Pontevedra, as palabras non veñen acompañadas de feitos e as excusas, xustificacións, adiamentos e incumprimentos caracterizan a súa forma de actuación, posto que o representante estatal ten sinalado que este grave problema trasladóuselle ao servizo provincial de Costas, xa que as competencias sobre a erosión son nacionais no Miño, e que se está a elaborar un estudo por parte do CEDEX, o que constitúe unha das ferramentas habituais empregadas polo executivo central socialista para retrasar ou simplemente non acometer as solucións, proxectos e investimentos que precisa a provincia de Pontevedra.

Pola contra, a Xunta de Galicia si que está a facer os deberes co río Miño, posto que xa concorreu, conxuntamente con Portugal, aos fondos europeos do programa Poctep para o desenvolvemento dun proxecto de eliminación das especies invasoras e exóticas no seu caudal e tamén aposta pola declaración de toda esta contorna como Reserva da Biosfera.

Por elo, desde o PP Provincial, co apoio das oito agrupacións locais do PP na Guarda, O Rosal, Tomiño, Tui, Salvaterra, As Neves, Arbo e Crecente, queremos esixirlle ao Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, así como a calquer outro departamento implicado do Goberno de España, que axilice todos os procedementos administrativos, normativos e contractuais para a execución, no prazo máis breve posible, dunha dragaxe do río Miño co obxectivo de frear o seu deterioro ambiental, garantir a súa supervivencia como elemento fundamental da provincia de Pontevedra e rehabilitar as súas condicións naturais.



Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

1º.- Solicitar ao Goberno de España, e nomeadamente ao Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, que proceda á execución urxente da dragaxe do río Miño dun xeito respectuoso cos seus destacados valores medioambientais co obxectivo de recuperar a súa riqueza pesqueira, turística e natural e de frear a forte degradación, sobre todo pola sedimentación de materiais, que está a sufrir nos últimos anos.”

11.8381.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) RELATIVA AO FINANCIAMENTO ESTATAL DO SISTEMA DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA DE GALICIA (EXPTE. 2025015908)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/1As73yftMDG7QXYLPNmRlpEdSChNldxM6M5gO4xbi4tPPOaW>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico, do 21 de marzo de 2025, acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e cos votos en contra do PSdeG-PSOE, aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) relativa ao financiamento estatal do sistema de atención á dependencia de Galicia.

Dita Moción é como segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comunidade Autónoma de Galicia é a segunda con maior índice de envellecemento de España por detrás de Asturias e a terceira cunha maior taxa de dependencia, só superada por esta rexión e a de Castela e León. Froito desta situación, o noso territorio conta na actualidade con 77.000 persoas adheridas ao Sistema de Atención á Dependencia, das que 23.765 pertencen á provincia de Pontevedra, o que dá boa mostra, ante estas elevadas cifras, da importancia deste servizo público.



Dito sistema, xestionado pola Xunta de Galicia, está a sufrir desde hai máis de quince anos un grave problema de infrafinanciamento polos incumprimentos constantes e reiterados por parte do Goberno de España, que non está a abonar, en ningún exercicio, o 50% do custe deste sistema, que é o que aparece especificamente recollido na lei, aprobada no ano 2006 baixo o mandato do presidente socialista José Luis Rodríguez Zapatero.

Como consecuencia delo, o Goberno galego ten asumido e adiantado un montante total de 2.500 millóns de euros pola atención ás persoas dependentes da nosa comunidade desde o ano 2009 que lle correspondería pagar ao Estado. Esta débeda, no que se refire á provincia de Pontevedra, sitúase arredor dos 771 millóns de euros.

Ante esta situación, a Conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, reclamou hai uns días, no marco do Consello Territorial de Servizos Sociais presidido polo ministro Pablo Bustinduy, que se pague esta débeda histórica con Galicia e tamén que, de aquí en adiante, o Estado cumpra co financiamento recollido na Lei de Dependencia e abone todos os exercicios o 50% das prestacións.

Desde o PP Provincial respaldamos absolutamente estas demandas da titular autonómica e da Xunta de Galicia, posto que os esforzos que está a realizar nesta materia o Goberno autonómico para seguir mellorando a atención ás persoas dependentes vense cercenados e limitados polos problemas de financiamento que xera o Goberno de España cos seus incumprimentos, ao non dispoñer dos fondos suficientes, necesarios e amparados pola lexislación.

Paralelamente, temos que lamentar que a situación do financiamento do Sistema de Atención á Dependencia por parte do Executivo central está cada día máis lonxe de mellorar e os recortes nas súas achegas están a ser unha constante. Así, o Estado sufragou no ano 2023 o 40% do custe deste sistema, incumprindo en calquera caso coa súa obriga de que sexa exactamente a metade, pero é que no ano 2024 o destino de cartos a prol da comunidade autónoma reduciuse ao 34,9%. Ademais, as perspectivas son aínda peores para o presente 2025 como consecuencia da falta de Orzamentos Xerais do Estado e do funcionamento coas contas prorrogadas de 2023, unha cuestión que é



exclusiva responsabilidade do PSOE e dos seus socios de coalición e de goberno.

Tamén temos que lamentar, do mesmo xeito que a Consellería de Política Social e Igualdade, as novas medidas que trata de implantar o Goberno de España sen asumir a súa parte de financiamento e deixando as mesmas ao pago íntegro por parte das comunidades autónomas. Así, concordamos, e así o defendemos sempre, na necesidade de ampliar e universalizar a teleasistencia ou o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), pero lóxicamente coa correspondente achega orzamentaria para que non recaia só nos petos da Xunta e dos concellos pontevedreses e galegos.

De feito, desde o PP Provincial temos que lamentar as escusas peregrinas, xustificacións e erradas comparativas económicas ofrecidas polo Ministro de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030 para tratar de defender as achegas do Goberno de España malia non cumprir reiteradamente co financiamento da Atención á Dependencia e das demais atencións sociais e para non comprometerse nin co pago das cantidades adebedadas nin cos fondos necesarios para o futuro.

Pola contra, e malia as dificultades xeradas por este infrafinanciamento estatal, queremos destacar os esforzos que está a facer a Xunta de Galicia nesta materia, aínda que as dificultades económicas provocadas polo Goberno de España estean a ser notorias polos incumprimentos e os recurtes na transferencia de fondos que nos corresponden para esta área.

Así, valoramos moi positivamente do Goberno galego a recente aprobación dun plan de choque, dotado con 90 millóns de euros, para efectuar a resolución das concesións de axudas para dependencia nun prazo nunca superior aos seis meses, que é o recollido na lei, e tamén outras medidas moi acaídas para os cidadáns, como a posta en marcha do Bono Coidado no Fogar, que facilita unha axuda de 5.000 euros para a atención a estas persoas, ou as achegas directas para o pago dunha praza de residencia ou dun centro de día ou para a contratación dun coidador.

En todo caso, estes avances precisan ser implementados de xeito decidido por parte do Goberno de España co cumprimento retroactivo, exhaustivo e



constante do financiamento da Atención á Dependencia e das demais prestacións e servizos sociais nas que ten competencias.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

1º.- Reclamar ao Goberno de España, a través do Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030, o pago da débeda histórica do Sistema de Atención á Dependencia en base ao recollido na lei deste ámbito, aprobada no ano 2006, e que ascende a 2.500 millóns de euros para a Comunidade Autónoma de Galicia, dos que 771 millóns de euros correspóndense coa provincia de Pontevedra.

2º.- Esixirlle ao Goberno de España que, desde o presente ano 2025, cumpra co financiamento do Sistema de Atención á Dependencia de Galicia que, pola mencionada normativa, obrígalle a achegar o 50% do seu custe total.

3º.- Demandarlle ao Goberno de España que cese de inmediato nos seus recurtes ás achegas a Galicia para sufragar o Sistema de Atención á Dependencia tras diminuíla en máis de cinco puntos porcentuais entre os anos 2023 e 2024.”

12.8382.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN QUE INSTE Á XUNTA DE GALICIA Á GRATUIDADE DO APARCAMENTO DO FUTURO HOSPITAL GRAN MONTECELO (EXPTE. 2025015944)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/bfhqlqvNvjgu47iedJMw75334pYa7qHogDzojq6PfSEOGjBI>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría de votos en contra do PP, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial



Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Deputación que inste á Xunta de Galicia á gratuidade do aparcamento do futuro Hospital Gran Montecelo.

13.8383.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) PARA ESIXIR DA XUNTA DE GALICIA E DA DEPUTACIÓN RESPECTO DEMOCRÁTICO COS CONCELLOS, EVITANDO AS XUNTANZAS PARTIDISTAS COS VOCEIROS DA OPOSICIÓN (EXPTE. 2025015945)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/onjANxq1QugLPW3nJQzMAtdEX6bmaAuKg4zE9zl6QmK9SONq>

Retírase polo Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) Moción para esixir da Xunta de Galicia e da Deputación respecto democrático cos concellos, evitando as xuntanzas partidistas cos voceiros da oposición.

14.8384.- **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/IvFRIISCFGHkrog4DaV4jUIywlYUwqBVjxNmJpdiFSEcLdAK>

Nestes intres auséntanse do Pleno os deputados do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) e os do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG).

Prevía unánime declaración da urxencia dos deputados presentes no Pleno acórdase tratar a seguinte Moción:

A) **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) SOBRE A EXCLUSIÓN DE VIGO E DO ESTADIO DE BALAÍDOS DA RELACIÓN DE SEDES SELECCIONADAS PARA O MUNDIAL DE FÚTBOL 2030**

Acceso ás intervencións:



O Pleno, acorda por unanimidade dos deputados presentes aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) sobre a exclusión de Vigo e do Estadio de Balaídos da relación de sedes seleccionadas para o mundial de fútbol 2030.

Dita Moción é como segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado luns 24 de marzo o xornal El Mundo destapaba unha posible alteración por parte da comisión designada pola Real Federación Española de Fútbol (RFEF) para emitir as puntuacións e baremacións das distintas cidades e estadios aspirantes a acoller as sedes do Mundial de Fútbol 2030, organizado conxuntamente por España, Portugal e Marrocos.

Segundo este medio de comunicación de ámbito nacional, nunha primeira lista, aínda que falta por confirmar se se trataba só dun borrador o estadio municipal vigués figuraba entre os once seleccionados para acoller unha das sedes cunha puntuación de 10,2004. Porén, apenas 48 horas despois, a candidatura viguesa viuse superada pola de Anoeta, na cidade vasca de San Sebastián, no devandito excel que determinaba as baremacións, pasando a ocupar o décimo segundo posto e, polo tanto, o primeiro dos excluídos. Deste xeito, o estadio donostiarra pasou, sen que saibamos os motivos, a contabilizar unha puntuación final de 10,6026, deixando fóra da lista definitiva a Balaídos.

Estas noticias, e as que se foron coñecendo en días sucesivos, arroxa importantes dúbidas sobre o proceso de selección das sedes mundialistas por parte da delegación española, tal e como quedou reflectido tamén no audio da reunión mantida polos avaliadores, revelado por ese mesmo diario, e no que literalmente pódese escoitar “vamos a meter valores hasta que nos cuadre el resultado”.

Diante desta polémica, e aínda que a RFEF ten anunciado que revisará o proceso de selección, faise necesario que esixamos a máxima transparencia e rigor para coñecer que é o que ten realmente acontecido, posto que estamos a xogarnos que Vigo sexa sede do Mundial 2030 con toda a repercusión



socioeconómica, turística, promocional e deportiva que iso supón para calquera cidade.

Cómpre, xa que logo, un traballo técnico e contrastable que aclare o procedemento para a designación das sedes do Mundial de Fútbol 2030, esixindo todas as explicacións e aclaracións pertinentes fronte ao escurantismo e proceso caótico no que se viu involucrada esta cidade.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

1º.- Mostrar o absoluto apoio deste pleno á candidatura da cidade de Vigo para converter ao Estadio Municipal de Balaídos en sede do Mundial de Fútbol 2030.

2º.- Esixir á Real Federación Española de Fútbol (RFEF) que faga públicos os criterios de baremación e as puntuacións técnicas de todas as cidades que aspiraban a acoller partidos da fase final do Mundial 2030.

3º.- Demandar o establecemento de conversacións directas e un traballo técnico rigoroso entre o Concello de Vigo e RFEF para abordar, dun xeito serio e contrastable, o procedemento levado a cabo para a designación das sedes do Mundial de Fútbol 2030 co obxectivo de esclarecer estes feitos.”

b) Parte de información e control:

15.8385.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN
SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A
PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE
FEBREIRO DE 2025 (EXPTES. 2025016489-2025016324)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/kXkNEaEPIM3zKOSc555ZxwqsqOdj5r83ZY0DsJ9VRaez2NNE>



A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de febreiro de 2025, asinado pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 19 de marzo de 2025, onde deixa constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de febreiro de 2025 que se expón a continuación:

PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES FEBREIRO 2025

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Febreiro	25,5600000000	209.154,66	12,9100000000	4.936.549,16	13,4241777571



Escola de Enfermería	Febreiro	8,2900000000	2.364,56	0,0000000000	0,00	8,2900000000
Consortio de Incendios e Salvamento	Febreiro	0,0000000000	0,00	14,3800000000	32.739,75	14,3800000000
Consortio Deza Tabeirós	Febreiro	5,0686978900	16.238,78	6,2464938100	17.137,55	5,6734539093
TOTAL			227.758,00		4.986.426,46	13,3782381843

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que **se cumpre** co período medio de pago legalmente previsto.

O importe de pagos pendentes este mes ascende a 4.936.549,16 euros debido á paralización do sistema de descargas da plataforma FACE entre o 24 de xaneiro e o 10 de febreiro coa finalidade de axilizar o proceso de migración do novo programa contable que se está a implantar na entidade. Así mesmo, a raíz deste proceso migratorio, o circuíto establecido para o pago das facturas estivo suspendido pola necesidade de acometer os traballos de integración do novo sistema contable co xestor de expedientes ata o 3 de marzo. Todo isto produciu un retraso no proceso do pago de todas as facturas deste organismo.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 21 de marzo de 2025 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de febreiro de 2025 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de febreiro de 2025 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

16.8386.- **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS
APROBANDO AS LIQUIDACIÓNS DOS**



**ORZAMENTOS CORRESPONDENTES AO
EXERCICIO DE 2024 DO CONSORCIO PARA O
SERVIZO CONTRA INCENDIOS DAS COMARCAS
DO DEZA E TABEIRÓS-TERRA DE MONTES E DO
CONSOLIDADO (EXPTES. 2025015249-2025005734)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/bMZzvYr9pQU1535HPFp9rnTFC0xQGkrLlqhzwX7lcki4HoXE>

Por Resolución do Presidente do Consorcio para o Servizo contra incendios das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes de data 18 de febreiro de 2025 aprobouse a liquidación do orzamento do Consorcio para o Servizo contra incendios das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes correspondente ó exercicio de 2024, cuxo contido é o seguinte:

CONSORCIO PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS DAS COMARCAS DE DEZA E TABEIRÓS-TERRA DE MONTES.

“RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN.

Examinada a liquidación do exercicio 2024, e a liquidación de exercicios pechados, cos seus documentos xustificativos.

Visto que con data 17 de febreiro de 2025, foi emitido informe de Intervención, de conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

De conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobada polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e co artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sobre materia orzamentaria.

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar a Liquidación do Orzamento Xeral de 2024, cuxas principais magnitudes son as que se detallan a continuación:

CONCEPTO	IMPORTE
----------	---------



- Dereitos pendentes de cobro a 31.12.2024	10.860,66 €
- Obrigas pendentes de pago a 31.12.2024	59.593,44 €
- Resultado orzamentario axustado	56.143,77 €
- Remanentes de crédito	26.299,80 €
- Remanente de Tesourería total	477.835,21 €
- Remanente de Tesourería para gastos xerais	467.971,03 €

SEGUNDO: Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, desta resolución de acordo co establecido nos artigos 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

TERCEIRO: Ordenar a remisión de copia de dita liquidación aos órganos competentes tanto da Delegación de Facenda como da Comunidade Autónoma.”

Por Resolución Presidencial número 2025001250 de data 20 de febreiro de 2025 aprobouse a liquidación do orzamento consolidado da Deputación de Pontevedra, a Fundación Escola Universitaria de Enfermería, o Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento e o Consorcio para o Servizo contra incendios das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, cuxo contido é o seguinte.

“RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2025005734
ASUNTO	Liquidación do orzamento consolidado 2024
TRÁMITE	Resolución Presidencial de aprobación da liquidación do orzamento consolidado da Deputación Provincial de Pontevedra, a Fundación da Escola Universitaria de Enfermería, o Consorcio Provincial contra incendios e o Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de montes, correspondente ao exercicio de 2024

A Presidencia, no exercicio das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

RESOLUCIÓN

Practicada a liquidación do orzamento consolidado de 2024, segundo o previsto no RD 500/90, de 20 de abril, e no RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, RESOLVO



Primeiro. Aprobar a liquidación do orzamento consolidado de 2024, coa estrutura que a continuación se sinala:

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECI- DOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECI- DAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTA RIO
a) Operacións Correntes	249.345.948,00	111.922.014,31		137.423.933,69
b) Operacións de capital	16.362.285,31	103.876.860,55		-87.514.575,24
1. Total operacións non financeiras (a+b)	265.708.233,31	215.798.874,86		49.909.358,45
c) Activos financeiros	698.979,32	198.600,00		500.379,32
d) Pasivos financeiros	21.616.415,00	0,00		21.616.415,00
2. Total operacións financeiras (c+d)	22.315.394,32	198.600,00		22.116.794,32
I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	288.023.627,63	215.997.474,86		72.026.152,77
AXUSTES:				
3. Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais			96.705.109,22	
4. Desviacións de financiamento negativas do exercicio			9.007.027,80	
5. Desviacións de financiamento positivas do exercicio			13.654.015,79	
II. TOTAL AXUSTES (II = 3+4-5)			92.058.121,23	
RESULTADO PRESUPOESTARIO AXUSTADO (I + II)				164.084.274,00

Segundo. Aprobar o estado de remanente de tesourería resultante da liquidación do orzamento de 2024 e das operacións non orzamentarias, coa estrutura que a continuación se sinala:

COMPONENTES	IMPORTE ANO	
1. (+) Fondos líquidos		303.703.628,42
2. (+) Dereitos pendentes de cobro		22.234.543,68
- (+) do Orzamento corrente	18.536.227,13	
- (+) de Orzamentos pechados	436.953,75	
- (+) de operacións non orzamentarias	3.261.362,80	
3. (-) Obrigas pendentes de pago		23.302.329,70
- (+) do Orzamento corrente	439.130,39	
- (+) de Orzamentos pechados	254.727,52	
- (+) de operacións non orzamentarias	22.608.471,79	
4. (+) Partidas pendentes de aplicación		741.228,60
- (-) cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	326.809,71	
- (+) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	1.068.038,31	
I. Remanente de tesourería total (1+2-3+4)		303.377.071,00
II. Saldos de dubidoso cobro		406.953,51



III. Excesos de financiamento afectado	13.456.812,72
IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III)	289.513.304,77

Por Resolución Presidencial número 2025001349 de data 26 de febreiro de 2025 acordouse rectificar a Resolución Presidencial número 2025001250 de data 20 de febreiro de 2025, cuxo contido é o seguinte.

“RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE RECTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO CONSOLIDADO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, A FUNDACIÓN DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA, O CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA-INCENDIOS E O CONSORCIO CONTRA-INCENDIOS DO DEZA E TABEIRÓS-TERRA DE MONTES, CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO DE 2024 CON NÚMERO 2025001250.

Por Resolución Presidencial número 2025001250 de data 20 de febreiro de 2025, resolveuse aprobar a Liquidación do orzamento consolidado de 2024 cun resultado de 164.084.274,00€, xunto co Estado de Remanente de Tesourería consolidado resultante da liquidación do orzamento de 2024 e das operacións non orzamentarias cun resultado de 289.513.304,77€.

Resultando que na citada Resolución detectouse un erro tipográfico que afecta aos Dereitos pendentes de cobro do Orzamento do Remanente de Tesourería figurando un importe de “18.536.227,13”, cando na realidade o importe correcto é “18.536.127,13”. Esta modificación afecta por tanto ao resultado final do Remanente de Tesourería para gastos xerais consolidado, onde anteriormente figuraba un importe de “289.513.304,77”, ten que figurar “289.513.204,77”.

Considerando que as Administracións Públicas poden rectificar en calquera momento, de oficio, os erros materiais, de feito ou aritméticos producidos nos seus actos, de acordo co estipulado no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, RESOLVO

Rectificar a Resolución Presidencial número 2025001250 de data 20 de febreiro de 2025, modificando a estrutura do Remanente Tesourería, a cal queda da seguinte forma:

COMPONENTES	IMPORTE ANO	
1. (+) Fondos líquidos		303.703.628,42
2. (+) Dereitos pendentes de cobro		22.234.443,68
- (+) do Orzamento corrente	18.536.127,13	
- (+) de Orzamentos pechados	436.953,75	
- (+) de operacións non orzamentarias	3.261.362,80	
3. (-) Obrigas pendentes de pago		23.302.329,70
- (+) do Orzamento corrente	439.130,39	



- (+) de Orzamentos pechados	254.727,52	
- (+) de operacións non orzamentarias	22.608.471,79	
4. (+) Partidas pendentes de aplicación		741.228,60
- (-) cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	326.809,71	
- (+) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	1.068.038,31	
I. Remanente de tesourería total (1+2-3+4)		303.376.971,00
II. Saldos de dubidoso cobro		406.953,51
III. Excesos de financiamento afectado		13.456.812,72
IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III)		289.513.204,77

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda na sesión ordinaria do 21 de marzo de 2025 tomou coñecemento do contido das resolucións aprobando as liquidacións dos orzamentos correspondentes ao exercicio de 2024 do Consorcio para o Servizo contra incendios das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes e do consolidado da Deputación de Pontevedra, a Fundación Escola Universitaria de Enfermería, o Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento e o Consorcio para o Servizo contra incendios das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto no artigo 193.4 do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais o Pleno queda enterado do contido das seguintes resolucións aprobando as liquidacións do orzamento do Consorcio para o Servizo contra incendios das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes e do consolidado da Deputación de Pontevedra e dos seus organismos dependentes, correspondentes ao exercicio 2024:

- A Resolución do Presidente do Consorcio para o Servizo contra incendios das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes de data 18 de febreiro de 2025 pola que se aprobou a liquidación do orzamento do Consorcio para o Servizo contra incendios das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes correspondente ó exercicio de 2024.
- A Resolución Presidencial número 2025001250 de data 20 de febreiro de 2025 pola que se aprobou a liquidación do orzamento consolidado da Deputación de Pontevedra, a Fundación Escola Universitaria de Enfermería, o Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento e o Consorcio para o Servizo contra incendios das



Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ao exercicio de 2024.

- A Resolución Presidencial número 2025001349 de data 26 de febreiro de 2025 pola que se acordou rectificar a Resolución Presidencial número 2025001250 de data 20 de febreiro de 2025, modificando a estrutura do remanente de Tesourería.

17.8387.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE A AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, REGRA DE GASTO E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DA DEPUTACIÓN CORRESPONDENTE Á LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2024 (EXPTES. 2025015257-2025005734)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/7hil1FGC2VDG7rqI7FJT5JsiSHXXCm2ZmfwrAa7nP90TZoch>

A Intervención con data 25 de febreiro de 2025 elaborou un informe asinado conxuntamente polo Interventor e polo Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Organismos relativo á avaliación do cumprimento da estabilidade orzamentaria, regra de gasto e sustentabilidade financeira da Unidade Institucional Deputación de Pontevedra correspondente á liquidación do orzamento do exercicio 2024, cuxo contido é o seguinte:

“INFORME DA AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, REGRA DO GASTO E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DA UNIDADE INSTITUCIONAL DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA CORRESPONDENTE Á LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2024.Expte Cividas: 2025005734.

1.- DETERMINACIÓN DA UNIDADE INSTITUCIONAL “DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA” PARA A AVALIACIÓN DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

A contabilidade nacional do sector Administracións Públicas elabórase a partir da información de base subministrada polas unidades institucionais públicas, clasificadas conforme aos criterios metodolóxicos de delimitación sectorial establecidos polo Sistema



Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC2010), aprobado polo Regulamento nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013.

Este inventario contén a relación das unidades públicas agrupadas por cada un dos catros subsectores que compoñen o sector (S.13) da economía nacional, atopándose o Subsector Administración Local (S.1313) que engade as corporacións locais propiamente ditas (identificadas como Administración Xeral) así como, no seu caso, as unidades públicas non de mercado controladas por aquelas, sobre as que se forman as contas consolidadas.

Da información dispoñible na Intervención, unha vez consultada a “Base de Datos Xeral de Entidades Locais e o Inventario de Entes do Sector Público Local”, dependente do Ministerio de Facenda e Función Pública, dedúcese que forman parte da “Unidade Institucional” da Deputación Provincial de Pontevedra:

- A propia Deputación Provincial.
 - A Fundación Escola de Enfermería.
 - O Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento (dependente: 50% de participación).
 - O Consorcio Contra Incendios e Salvamento da Comarca do Deza e Tabeirós-Terra de Montes (dependente: 42% de participación).
- Respecto da información e os cálculos correspondentes aos Consorcios Contra Incendios e Salvamento da Comarca do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, incorpóranse da información remitida pola súa unidade xestora responsable.

2.- ANÁLISE DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

- Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC2010), aprobado polo Regulamento nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013.
- Regulamento da Unión Europea nº 2223/96 relativo ó Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-95).
 - RDL 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. (en adiante TRLHL).
 - LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (en adiante LOEPSF).
 - Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigacións de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
 - Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, (en todo no que non se opoña ó establecido na LOEPSF).
 - Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.



- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro de 2008, polo que se aproba a estrutura dos presupostos das corporacións locais.
- Bases de Execución do Orzamento.
- Manual de Cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, Ministerio de Economía e Facenda.
- Guía para a determinación da Regra do Gasto do artigo 12 da LOESPSF para corporacións locais, 3ª edición (novembro 2014). IGAE.
- Manual do SEC 95 sobre Déficit Público e Débeda Pública, publicado por Eurostat.
- Regulamento 2516/2000 do Consello da Unión Europea.

DETERMINACIÓN DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA (CAPACIDADE OU NECESIDADE DE FINANCIACIÓN NA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2024):

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, no artigo 11.4 establece que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario, como forma de instrumentar o principio de estabilidade orzamentaria.

A Deputación Provincial de Pontevedra está obrigada a axustar o Orzamento e a súa execución ao principio de estabilidade orzamentaria, entendida como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (denominado SEC). Para o SEC encontráremonos en situación de equilibrio cando non exista “necesidade de financiamento”, é dicir, cando os ingresos non financeiros (capítulos 1 a 7 de ingresos) sexan suficientes para financiar os gastos non financeiros (capítulos 1 a 7 de gastos) unha vez realizados os axustes necesarios para converter os datos da contabilidade orzamentaria á contabilidade nacional.

En canto ó regulamento de estabilidade orzamentaria mantense vixente en todo o que non se opoña ó establecido na Lei Orgánica 2/2012. En consecuencia, segundo o establecido nos artigos: 2.1, 16.2, 20 e 21.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Corporacións Locais; a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria desta Entidade local corresponde á Intervención Xeral, que deberá elevar ó Pleno “un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes, a nivel consolidado”. O informe emitírase con carácter independente e incorporárase ós previstos nos artigos 168.4, 172.2 e 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás modificacións e á súa liquidación”. En dito informe débense detallar os cálculos efectuados e os axustes practicados sobre a base dos datos cos capítulos 1 a 9 dos estados de gastos e ingresos orzamentarios, en termos de Contabilidade Nacional de acordo co SEC.



O artigo 21 da LOEPSF establece que en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración que incumpra formulará un plan económico-financeiro que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento dos obxectivos e da regra de gasto. Esta situación valorarase a nivel de grupo consolidado (Unidade Institucional) e o incumprimento por parte dalgunha das Entidades que forman a “Unidade Institucional” non precisara da elaboración dun plan económico-financeiro individualizado si a nivel de “grupo consolidado” o resultado é de cumprimento, tal como se reflicte do análise das disposicións seguintes:

- O Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC2010) é unha norma de carácter macro contable que mide as diversas variables económicas a través dunha serie de táboas secuencias en termos de “contabilidade nacional” a nivel de grupo consolidado. Este grupo consolidado sobre o que se realizan os cálculos de estabilidade está definido na “Base de Datos Xeral de Entidades Locais (BDGEL) e no Inventario de Entes do Sector Público Local” do Ministerio de Facenda e Función Pública, que está formada pola Entidade Local e tódolos organismos, entes ou institucións, consorcios e sociedades mercantís vinculados, dependentes ou nos que a Entidade Local participe, tal e como establece o artigo 11.2 da Orde FAP/2015/2012.
 - No artigo 21.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, (vixente en todo no que non se opoña ó establecido na LOEPSF), establece que practicada a liquidación do orzamento, será condición suficiente que incumpra o obxectivo de estabilidade algunha das entidades a que se refire o artigo 2.1, apartados a) ou b), do presente regulamento, para que naza a obriga de elaborar dito plan. O apartado a) do artigo 2.1 refírese a concellos, deputacións, consellos e cabidos insulares; e o apartado b) do artigo 2.1 recolle os órganos de goberno e administración das áreas metropolitanas, mancomunidades de municipios, as comarcas ou outras entidades que agrupen a varios municipios e as entidades de ámbito territorial inferior o municipal, creadas ou recoñecidas polas Comunidades Autónomas de acordo coa LBRL e os correspondentes estatutos de autonomía.
 - O artigo 2.1 do Real Decreto 1463/2007, nos apartados c) ata o g) recolle á organismos, entidades públicas, sociedades, institucións sen fins de lucro, os consorcios e aqueles outros entes que se clasifiquen como axentes do sector público local, que en calquera dos supostos teñen unha vinculación ou dependencia das entidades dos apartados a) e b) do citado artigo. Entón, cando o artigo 21.2 do Real Decreto 1463/2007 se refire ó incumprimento das entidades do apartado 2.1 a) e b), refírese ó “grupo consolidado” que forman parte do “Inventario de Entes do Sector Público Local”; en caso contrario, o artigo 21.2 tería que engadir a totalidade dos apartados do artigo 2.1 do Real Decreto 1463/2007.
- Considerando o anterior, achéganse os cálculos relativos á estabilidade orzamentaria das entidades que forman parte da “Unidade Institucional Deputación Provincial de Pontevedra”, que son a propia Deputación, a Fundación Escola de Enfermería, o



Consortio Contra Incendios Provincial (dependente 50%) e o Consortio Contra Incendios e Salvamento da Comarca do Deza e Tabeirós-Terra de Montes (dependente ó 42%), na liquidación do exercicio 2022.

O cálculo queda como sigue:

DEPUTACIÓN PROVINCIAL, LIQUIDACIÓN 2024

OPERA- CIONES NON FINAN- CEIRAS	INFORMACIÓN ORZAMENTARIA				CONTABI- LIDADE NACIONAL	AXUSTES	OBSERVA- CIONES
	DRTOS. R. NETOS/24 OBRIGAS R./24	COBROS 2024 PAGOS 2024	COBR. CERRADOS PAGO CERRADOS	TOTAL COBROS TOTAL PAGOS			
INGRE- SOS CORREN TES:							
Cap. 1.- Impostos directos	21.097.795,96 €	18.302.916,53 €	1.083.187,99 €	19.386.104,52 €	19.386.104,52 €	-1.711.691,44 €	Ingreso a conta + liquidación def. ejercicios anteriores (criterio caixa)
Cap. 2.- Impostos indirectos	15.862.201,85 €	14.823.901,62 €	1.221.496,56 €	16.045.398,18 €	16.045.398,18 €	183.196,33 €	Ingreso a conta + liquidación def. ejercicios anteriores (criterio caixa)
Cap. 3.- Taxas e outros ingresos	13.962.903,47 €	13.738.820,69 €	278.595,87 €	14.017.416,56 €	14.017.416,56 €	54.513,09 €	Criterio de caixa: Taxas, P. Públicos e outros ingresos
Cap. 4.- Transferenci as correntes (ingresos)	185.850.980,14 €	172.069.664,82 €	12.013.968,68 €	184.083.633,50 €	189.225.299,73 €	3.374.319,59 €	I. Conta + liqui anteriores +/- D.Financ. estimadas Prox. UE [AQUELANDO 3;PRACTICUM 17,18, 19,20, 21,22; SMART_MINH O; VISIT_RIO_MI NHO; IN 4,0; INTEGRA_XO VEN; DEPOVERDE; PROTURA, CAMIÑOS, AGRITOX, TIC EMPRENDES, DEPO EMPRENDE I y II, LABORA, APICULTURA, VITICAST, DEPOFROITO S, E OUTROS: - 1,936,156,00€] + P.T.E. 2008,09,20: 7.077.822,23€
Cap. 5.- Ingresos patrimo- niais	8.496.763,42 €	8.445.074,30 €	12.909,15 €	8.457.983,45 €	8.457.983,45 €	-38.779,97 €	Criterio de caixa, [xuros= criterio devengo] (INCREMENTO XUROS BANCARIOS)
Total Recursos	245.270.644,84 €	227.380.377,96 €	14.610.158,25 €	241.990.536,21 €	247.132.202,44 €	1.861.557,60 €	



OPERA- CIONES NON FINAN- CEIRAS	INFORMACIÓN ORZAMENTARIA				CONTABI- LIDADE NACIONAL	AXUSTES	OBSERVA- CIONES
	DRTOS. R. NETOS/24 OBRIGAS R./24	COBROS 2024 PAGOS 2024	COBR. CERRADOS PAGO CERRADOS	TOTAL COBROS TOTAL PAGOS			
Correntes (1)							
GASTOS CORREN- TES:							
Cap. 1.- Gastos de persoal	47.784.132,20 €	47.784.130,72 €	0,00 €	47.784.130,72 €	47.784.132,20 €	0,00 €	Obrigas recoñecidas no exercicio
Cap. 2.- Gastos en bens correntes e servizos.	32.917.754,29 €	32.916.627,76 €	267.641,86 €	33.184.269,62 €	32.919.496,32 €	1.742,03 €	Obrigas recoñecidas no exercicio + saldos contas 5580 y 5581XX provisión fondos A.C.F. y P. Xustificac: 1.742,03€
Cap. 3.- Xuros	79.275,35 €	79.275,35 €	15.328,35 €	94.603,70 €	79.275,35 €	0,00 €	A totalidade dos Recoñecidos (devengados no exercicio)
Cap. 4.- Transferenci- as correntes (gastos)	27.833.145,17 €	27.807.922,06 €	9.867,05 €	27.817.789,11 €	27.833.145,17 €	0,00 €	Obrigas recoñecidas no exercicio
Total Empregos Correntes (2)	108.614.307,01 €	108.587.955,89 €	292.837,26 €	108.880.793,15 €	108.616.049,04 €	1.742,03 €	
AFORRO BRUTO (1- 2)	136.656.337,83 €			133.109.743,06 €	138.516.153,40 €		
INGRE- SOS DE CAPITAL							
Cap. 6.- Alleamento de inversións reais	1.047.986,58 €	812.400,91 €	228.314,42 €	1.040.715,33 €	1.040.715,33 €	-7.271,25 €	Criterio de caixa/ resolución contratos
Cap. 7.- Transferen- cias de capital (ingresos)	15.314.298,73 €	15.053.030,25 €	12.812,06 €	15.065.842,31 €	12.365.319,16 €	-2.948.979,57 €	Criterio de caixa +/- D.Financ. Prox. UE (EXTRA E; ILUMINACIÓN SOSTIBLE, CALDEIRAS BIOMASA, e outros= - 2.700.523,15€
Total Recursos de Capital (3)	16.362.285,31 €	15.865.431,16 €	241.126,48 €	16.106.557,64 €	13.406.034,49 €	-2.956.250,82 €	
GASTOS DE CAPITAL							
Cap. 6.- inversións reais	23.579.970,75 €	23.544.743,78 €	630.430,51 €	24.175.174,29 €	23.579.970,75 €	0,00 €	Obrigas recoñecidas no exercicio
Cap. 7.- Transferenci- as de capital (gastos)	80.150.021,66 €	79.842.853,62 €	156.261,75 €	79.999.115,37 €	80.150.021,66 €	0,00 €	Obrigas recoñecidas no exercicio
Total Empregos de Capital (4)	103.729.992,41 €	103.387.597,40 €	786.692,26 €	104.174.289,66 €	103.729.992,41 €	0,00 €	
CAPACI- DADE OU	49.288.630,73 €			45.042.011,04 €	48.192.195,48 €	-1.096.435,25 €	



OPERA- CIONES NON FINAN- CEIRAS	INFORMACIÓN ORZAMENTARIA				CONTABI- LIDADE NACIONAL	AXUSTES	OBSERVA- CIONES
	DRTOS. R. NETOS/24 OBRIGAS R./24	COBROS 2024 PAGOS 2024	COBR. CERRADOS PAGO CERRADOS	TOTAL COBROS TOTAL PAGOS			
NECESI- DADE DE FINAN- CIACIÓN (1+3-2-4)							
OPERA- CIONES FINAN- CEIRAS	-	-	-	-	-	-	
INGRE- SOS FINAN- CEIROS	-	-	-	-	-	-	
Cap. 8.- Activos Financeiros	698.979,32 €	550.969,70 €	46.192,42 €	597.162,12 €	597.162,12 €	-101.817,20 €	Criterio de caixa
Cap. 9.- Pasivos Financeiros	21.616.415,00 €	21.616.415,00 €	-	21.616.415,00 €	21.616.415,00 €	0,00 €	Disposición préstamos contratados en 2021, que financ. Programa REACPON.
Total Recursos Financei- ros (5)	22.315.394,32 €	22.167.384,70 €	46.192,42 €	22.213.577,12 €	22.213.577,12 €	-101.817,20 €	
GASTOS FINAN- CEIROS	-	-	-	-	-	-	
Cap. 8.- Activos Financeiros	198.600,00 €	198.600,00 €	0,00 €	198.600,00 €	198.600,00 €	0,00 €	Gastos do exercicio
Cap. 9.- Pasivos Financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	
Total Empregos Financei- ros (6)	198.600,00 €	198.600,00 €	0,00 €	198.600,00 €	198.600,00 €	0,00 €	
CAPACI- DADE OU NECESI- DADE DE FINAN- CIACIÓN (5-6)	22.116.794,32 €	-	-	22.014.977,12 €	22.014.977,12 €	-	

FUNDACIÓN E. UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA, LIQUIDACIÓN 2024

OPERA- CIONES NON FINANCEI- RAS	INFORMACIÓN ORZAMENTARIA				CONTABI- LIDADE NACIONAL	AXUSTES	OBSERVA- CIONES
	DRTOS. R. NETOS/24 OBRIGAS R./24	COBROS 2024 PAGOS 2024	COBR. CERRADOS PAGO CERRADOS	TOTAL COBROS TOTAL PAGOS			
INGRESOS CORRENTES:							
Cap. 1.- Impostos directos				0,00 €	0,00 €	0,00 €	
Cap. 2.- Impostos indirectos				0,00 €	0,00 €	0,00 €	



Cap. 3.- Taxas e outros ingresos	130.980,37 €	130.980,37 €	0,00 €	130.980,37 €	130.980,37 €	0,00 €	Criterio de caixa taxas, P. Públicos e outros ingresos (AXUSTE TEMPORALIDADE)
Cap. 4.- Transferencias correntes (ingresos)	504.807,80 €	504.807,80 €		504.807,80 €	504.807,80 €	0,00 €	I. conta + liquidacións anteriores
Cap. 5.- Ingresos patrimoniais	0,00 €	0,00 €		0,00 €	0,00 €	0,00 €	Criterio de caixa, [xuros= criterio devengo)
Total Recursos Correntes (1)	635.788,17 €	635.788,17 €	0,00 €	635.788,17 €	635.788,17 €	0,00 €	
GASTOS CORRENTES:							
Cap. 1.- Gastos de persoal	564.995,07 €	564.995,07 €		564.995,07 €	564.995,07 €	0,00 €	Obrigas recoñecidas no exercicio
Cap. 2.- Gastos en bens correntes e servizos	64.827,60 €	64.827,60 €		64.827,60 €	64.827,60 €	0,00 €	Obrigas recoñecidas no exercicio + saldos contas 5580 y 5581XX provisión fondos A.C.F. e P. Xustificar
Cap. 3.- Xuros				0,00 €	0,00 €	0,00 €	A totalidade dos Recoñecidos e pagados no exercicio
Cap. 4.- Transferencias correntes (gastos)				0,00 €	0,00 €	0,00 €	Obrigas recoñecidas no exercicio
Total Empregos Correntes (2)	629.822,67 €	629.822,67 €	0,00 €	629.822,67 €	629.822,67 €	0,00 €	
AFORRO BRUTO (1-2)	5.965,50 €			5.965,50 €	5.965,50 €		
INGRESOS DE CAPITAL							
Cap. 6.- Alleamento de inversións reais				0,00 €	0,00 €	0,00 €	Criterio de caixa
Cap. 7.- Transferencias de capital (ingresos)	1.000,00 €	1.000,00 €		1.000,00 €	1.000,00 €	0,00 €	Criterio de caixa
Total Recursos de Capital (3)	1.000,00 €	1.000,00 €	0,00 €	1.000,00 €	1.000,00 €	0,00 €	
GASTOS DE CAPITAL							
Cap. 6.- inversións reais	0,00 €	0,00 €		0,00 €	0,00 €	0,00 €	Obrigas recoñecidas no exercicio
Cap. 7.- Transferencias de capital (gastos)				0,00 €	0,00 €	0,00 €	Obrigas recoñecidas no exercicio



Total Empregos de Capital (4)	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	
CAPACIDADE OU NECESIDADE DE FINANCIACIÓN (1+3-2-4)	6.965,50 €	-	-	6.965,50 €	6.965,50 €	-	

“CONSORCIO CONTRA INCENDIOS PROVINCIAL”, LIQUIDACIÓN 2024

OPERACIÓN NON FINAN- CEIRAS	INFORMACIÓN ORZAMENTARIA				CONTABI- DADE NACIONAL	AXUSTES	OBSER- VACIONES
	DRTOS. R. NETOS/24 OBRIGAS R./24	COBROS 2024 PAGOS 2024	COBR. CERRADOS PAGO CERRADOS	TOTAL COBROS TOTAL PAGOS			
INGRESOS CORRENTES:							
Cap. 1.- Impostos directos							
Cap. 2.- Impostos indirectos							
Cap. 3.- Tasas e outros ingresos	2.230.955,02 €	2.230.955,02 €		2.230.955,02 €	2.230.955,02 €	0,00 €	Criterio de caixa: Tasas, P. Públicos e outros ingresos
Cap. 4.- Transferencias correntes (ingresos)	1.927.000,00 €	1.927.000,00 €		1.927.000,00 €	1.927.000,00 €	0,00 €	Ingreso conta + liquidacións anteriores
Cap. 5.- Ingresos patrimoniais	0,00 €	0,00 €		0,00 €	0,00 €	0,00 €	Criterio de caixa, [xuros= criterio devengo)
Total Recursos Correntes (1)	4.157.955,02 €	4.157.955,02 €	0,00 €	4.157.955,02 €	4.157.955,02 €	0,00 €	
GASTOS CORRENTES:							
Cap. 1.- Gastos de persoal	2.888.629,38 €	2.823.086,86 €	0,00 €	2.823.086,86 €	2.888.629,38 €	0,00 €	Obrigas reconecidas no exercicio
Cap. 2.- Gastos en bens correntes e servizos.	558.839,05 €	558.839,05 €	0,00 €	558.839,05 €	558.839,05 €	0,00 €	Obrigas reconecidas no exercicio + saldos contas 5580 y 5581XX provisión fondos A.C.F. e P. Xustificar
Cap. 3.- Xuros				0,00 €	0,00 €	0,00 €	A totalidade dos Reconecidos e pagados no exercicio
Cap. 4.- Transferencias correntes (gastos)	5.000,00 €	5.000,00 €	0,00 €	5.000,00 €	5.000,00 €	0,00 €	Obrigas reconecidas no exercicio
Total Empregos Correntes (2)	3.452.468,43 €	3.386.925,91 €	0,00 €	3.386.925,91 €	3.452.468,43 €	0,00 €	
AFORRO BRUTO (1-2)	705.486,59 €			771.029,11 €	705.486,59 €		
INGRESOS DE CAPITAL							
Cap. 6.- Alleamento de inversións reais	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	Criterio de caixa
Cap. 7.- Transferencias de capital (ingresos)	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	Criterio de caixa +/- D.Financ. Prox. UE
Total Recursos de Capital (3)	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	
GASTOS DE CAPITAL							



Cap. 6.- inversións reais	147.868,14 €	147.868,14 €	0,00 €	147.868,14 €	147.868,14 €	0,00 €	Obrigas reconecidas no exercicio
Cap. 7.- Transferencias de capital (gastos)				0,00 €	0,00 €	0,00 €	Obrigas reconecidas no exercicio
Total Empregos de Capital (4)	147.868,14 €	147.868,14 €	0,00 €	147.868,14 €	147.868,14 €	0,00 €	
CAPACIDADE OU NECESIDADE DE FINANCIACIÓN (1+3-2-4)	557.618,45 €	-	-	623.160,97 €	557.618,45 €	-	

"CONSORCIO C. INCENDIOS DEZA TABEIRÓS", LIQUIDACIÓN 2024

OPERACIÓNS NON FINAN- CEIRAS	INFORMACIÓN ORZAMENTARIA				CONTABILI- DADE NACIONAL	AXUSTES	OBSERVA- CIÓNS
	DRTOS. R. NETOS/24 OBRIGAS R./24	COBROS 2024 PAGOS 2024	COBR. CERRADOS PAGO CERRADOS	TOTAL COBROS TOTAL PAGOS			
INGRESOS CORRENTES:							
Cap. 1.- Impostos directos				0,00 €	0,00 €	0,00 €	
Cap. 2.- Impostos indirectos				0,00 €	0,00 €	0,00 €	
Cap. 3.- Taxas e outros ingresos	279.771,49 €	279.771,49 €	0,00 €	279.771,49 €	279.771,49 €	0,00 €	Criterio de caixa: Taxas, P. Públicos e outros ingresos
Cap. 4.- Transferencias correntes (ingresos)	938.810,48 €	937.814,00 €	0,00 €	937.814,00 €	937.814,00 €	-996,48 €	Ingreso conta + liquidacións anteriores
Cap. 5.- Ingresos patrimoniais	0,00 €	0,00 €		0,00 €	0,00 €	0,00 €	Criterio de caixa, [xuros= criterio devengo)
Total Recursos Correntes (1)	1.218.581,97 €	1.217.585,49 €	0,00 €	1.217.585,49 €	1.217.585,49 €	-996,48 €	
GASTOS CORRENTES:							
Cap. 1.- Gastos de persoal	1.009.605,86 €	1.009.547,96 €	27.056,16 €	1.036.604,12 €	1.009.605,86 €	0,00 €	Obrigas reconecidas no exercicio
Cap. 2.- Gastos en bens correntes e servizos.	152.832,34 €	148.048,50 €	4.673,37 €	152.721,87 €	152.832,34 €	0,00 €	Obrigas reconecidas no exercicio + saldos contas 5580 y 5581XX provisión fondos A.C.F. y P. xustificar
Cap. 3.- Xuros				0,00 €	0,00 €	0,00 €	A totalidade dos Reconecidos e pagados no exercicio
